



# **MEMORIA DE CALIDADE**

**Facultade de Ciencias**

**Curso Académico: 2017/2018**

## Índice

1.	Introdución.....	3
1.1	Compromiso da Facultade de Ciencias co desenvolvemento do SGC .....	3
1.2	Procedemento de elaboración da Memoria de Calidade .....	3
1.3	Estrutura da Facultade de Ciencias para o desenvolvemento do SGC .....	3
1.4	Cambios na oferta de títulos impartidos no centro .....	6
2.	Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados .....	8
2.1	Directriz 1.- Política e obxectivos de calidade.....	9
2.1.1.	Actuacións máis relevantes. Análise do funcionamento dos procesos e da evolución dos indicadores de calidade. ....	9
2.1.2.	Evolución das accións de mellora propostas no Plan de Melloras do curso anterior .....	12
2.1.3.	Formulación de accións de mellora para o curso 2017-18 .....	12
2.2	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos .....	13
2.2.1.	Actuacións máis relevantes. Análise do funcionamento dos procesos e da evolución dos indicadores de calidade. ....	13
2.2.2.	Evolución das accións de mellora propostas no Plan de Melloras do curso anterior .....	24
2.2.3.	Formulación de accións de mellora para o curso 2017-18 .....	25
2.3	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante	26
2.3.1.	Actuacións máis relevantes. Análise do funcionamento dos procesos e da evolución dos indicadores de calidade. ....	26
2.3.2.	Evolución das accións de mellora propostas no Plan de Melloras do curso anterior .....	60
2.3.3.	Formulación de accións de mellora para o curso 2017-18 .....	61
2.4.	Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos .....	62
2.4.1.	Actuacións máis relevantes. Análise do funcionamento dos procesos e da evolución dos indicadores de calidade. ....	62
2.4.2.	Evolución das accións de mellora propostas no Plan de Melloras do curso anterior	64
2.4.3.	Formulación de accións de mellora para o curso 2017-18 .....	64
2.5.	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.....	65
2.5.1.	Actuacións máis relevantes. Análise do funcionamento dos procesos e da evolución dos indicadores de calidade. ....	65
2.5.2.	Evolución das accións de mellora propostas no Plan de Melloras do curso anterior .....	68
2.5.3.	Formulación de accións de mellora para o curso 2017-18 .....	68
2.6.	Directriz 6. Información pública.....	69

2.6.1.	Actuacións máis relevantes. Análise do funcionamento dos procesos e da evolución dos indicadores de calidade.....	69
2.6.2.	Evolución das accións de mellora propostas no Plan de Melloras do curso anterior .....	70
2.6.3.	Formulación de accións de mellora para o curso 2017-18 .....	71
3.	Plan de Melloras do centro.....	72
3.1	Accións de mellora executadas no curso 2016-2017.....	72
3.2	Accións de mellora non rematadas no curso 2016-2017 que continúan durante o curso 2017-18.....	75
3.3	Accións de mellora derivadas da revisión e seguimento do SGC propostas para o curso académico 2017-2018.....	76
4.	Modificacións nos diferentes títulos .....	92
5.	Listaxe de evidencias e indicadores .....	93

## 1. Introducción

### 1.1 Compromiso da Facultade de Ciencias co desenvolvemento do SGC

A Facultade de Ciencias é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia no contexto universitario. Tomando como referencia a política de calidade da USC (enmarcada dentro do despregamento do seu Plan Estratéxico) a Facultade de Ciencias elaborou o seu Sistema de Garantía de Calidade (SGC) marcándose como principal obxectivo do mesmo o desenvolvemento de programas formativos (graos e másteres) que estean avalados pola calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

De acordo co Proceso PE-02 Revisión e Mellora, a análise de funcionamento do SGC de forma global queda recompilada na Memoria de Calidade do Centro, que pecha o ciclo de calidade anual da Facultade.

Deste xeito, unha vez analizados os resultados dos títulos (PC-05 Análise dos resultados e mellora dos programas) e unha vez formuladas as accións de mellora derivadas do proceso anterior por parte de cada unha das titulacións do centro, correspóndelle á Comisión de Calidade da Facultade de Ciencias levar a cabo unha análise global do SGC.

O equipo decanal desta Facultade adquiriu o compromiso permanente coa mellora continua da xestión administrativa e dos seus programas formativos. Para isto tamén conta coa Comisión de Calidade, órgano que participa nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do Sistema de Garantía de Calidade do centro, actuando ademais como medio de difusión interna do Sistema e dos seus logros.

### 1.2 Procedemento de elaboración da Memoria de Calidade

A finais de 2017 a Comisión de Calidade comezou a elaboración da Memoria de Calidade do Centro enmarcado no Programa Piloto de Seguimento Institucional destinado aos centros da USC que foran sometidos no 2017 ao proceso de certificación de implantación do SGC.

Nesta Memoria de Calidade, correspondente ao curso académico 2017-2018, recóllese do mesmo xeito que na do curso 2016-2017, información relativa ao Sistema de Garantía de Calidade (SGC), ao seguimento dos títulos impartidos no centro e o Plan de Melloras do Centro (revisión das accións de mellora do curso 2016-2017 e novas propostas para o curso 2018-2019).

Esta Memoria de Calidade foi elaborada e aprobada pola Comisión de Calidade con data **12/03/2019** e sometida a aprobación da Xunta de Facultade o 15/03/2019.

### 1.3 Estrutura da Facultade de Ciencias para o desenvolvemento do SGC

#### Ámbito de aplicación

O ámbito de aplicación do SGC durante o curso 2017-2018 atangue a todas as titulacións impartidas no centro e a todas as persoas da Facultade: alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos. Os títulos vinculados á Facultade e que estiveron vixentes durante o curso 2017-2018 foron:

- Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais (GEPQI).
- Grao en Nutrición Humana e Dietética (GNHD).
- Máster en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental (MPRLSM).
- Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias (MINSTA).

## Documentación de referencia.

Considérase documentación de referencia para o desenvolvemento do SGC, ademais do Manual do SGC e do Manual de Procesos e da normativa xeral estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela (USC), a que se inclúe a continuación:

- Memoria do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais.  
(<http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/GEPQI1.html>)
- Memoria do Grao en Nutrición Humana e Dietética.  
(<http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/GNHD1.html>)
- Memoria Máster en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental.  
(<http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/MPRLSM1.html>)
- Memoria Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias.  
(<http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/minsta1.html>)
- Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Ciencias.  
(<http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/xunta.html>)

Os órganos de goberno, comisións e responsables que interveñen directamente no desenvolvemento do SGC son o Equipo Decanal, a Comisión de Calidade do Centro, as Comisións de Título, o/a Responsable de Calidade do Centro e os/as Coordinadores/as de Título. As funcións de todos eles, relacionadas co desenvolvemento do SGC, poden consultarse no Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade (<http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/ciencias/descargas/Manual-SGC-FacCiencias.pdf>). De seguido sinálanse tanto a composición actual como as funcións da Comisión de Calidade do Centro.

## Membros da Comisión de Calidade do Centro (CCC)

Decano/a da Facultade de Ciencias (presidente/a)

Responsable de Calidade do Centro (RCC)

Os Coordinadores de Título (GEPQI, GNHD, MPRL e SM e MINSTA)

Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamento da Facultade de Ciencias

1 profesor/a por cada título (GEPQI, GNHD, MPRL e SM e MINSTA)

1 alumno/a por cada título (GEPQI, GNHD, MPRL e SM e MINSTA)

1 egresado/a por cada título (GEPQI, GNHD, MPRL e SM e MINSTA)

1 membro externo por cada título (Decano do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Lugo, Presidente do Colexio Oficial de Dietistas Nutricionistas de Galicia, Presidente da Sociedade Galega de Prevención de Riscos Laborais, Representante do Clúster Alimentario de Galicia).

### **Funcións da Comisión de Calidade:**

- Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e mellora do SGC no centro.
- Elaborar a memoria de calidade do centro (MCC)
- Fomentar a realización e o seguimento periódico do plan de melloras anual do centro.
- Estimular a participación de todos os colectivos implicados na avaliación e mellora da calidade das titulacións que se imparten no centro.
- Realizar o seguimento dos resultados do centro.
- Propoñer ao equipo de dirección a información que debe ser pública.
- Informar favorablemente, ou propoñer modificacións se é o caso, dos informes de resultados ou seguimento/acreditación elaborados polas comisións de título.

### **Cambios na Comisión de Calidade durante o curso 2017-18**

Derivado do traslado do Profesor Antonio Rumbo Gómez, Secretario da Facultade e Responsable de Calidade do Centro, ao Campus de Santiago, o 2 de setembro de 2016 tivo lugar o nomeamento da profesora Aida Jover Ramos como nova Secretaria da Facultade e Responsable de Calidade do Centro. Os cambios realizados na composición desta Comisión durante o curso 2017-2018 foron a incorporación do Profesor Manuel Vázquez Vázquez como Coordinador do Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias (MINSTA), implantado no Centro no curso 2017-2018, e da Profesora M<sup>a</sup> Ángeles Romero Rodríguez en calidade de Profesora do mesmo (acordo da Xunta de Facultade do 13/09/2017). Ademais, tamén se renovaron, de acordo coa normativa da USC, os representantes do estudantado en todas as comisións do centro.

### **Reunións da Comisión de Calidade, correspondentes á presente Memoria de Calidade 2017-2018:**

**26 de setembro de 2017.** Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:

1. Informe sobre as actuacións a desenvolver no presente curso 2017/2018.
2. Informe sobre o proceso de elaboración do Plan Estratégico do Centro.
3. Informe sobre os acordos tomados pola Comisión Docente do Campus Terra e as posibles actuacións a levar a cabo no Centro.

**9 de xaneiro de 2018.** Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación se procede das actas das sesións anteriores
2. Plan Piloto de Seguimento Institucional
3. Plan de Captación de Estudantes
4. Plan de Titorización, Orientación e Formación
5. Rogos e preguntas

**22 de marzo de 2018.** Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación se procede da Memoria de Calidade da Facultade- Plan Piloto de Seguimento Institucional correspondente ao curso 2016-2017.
2. Aprobación se procede do novo Manual do SGC da Facultade e do Manual de Procesos de Centro.
3. Informe de Incidencias do curso académico 2016-17

**9 de maio de 2018.** Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:

1. Análise DAFO correspondente ao plan estratéxico do Centro.
2. Substitución dun membro na Comisión Redactora para a elaboración do Plan Estratéxico da Facultade de Ciencias.

**28 de novembro de 2018.** Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:

1. Achegas ao “Memorandum M#5 : Participación e formulacións dos cuestionarios de calidade dos diferentes grupos de interese”.

**13 de febreiro de 2019.** Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación se procede das actas das sesións anteriores
2. Declaración de intencións do Grao en Bioquímica
3. Plan de Captación de Estudantes
4. Plan de Acción Titorial
5. Rogos e preguntas

**12 de marzo de 2019.** Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:

1. Informe de incidencias curso 2017-18.
2. Información sobre o estado de elaboración do plan estratéxico da Facultade.
3. Aprobación se procede da Memoria de Calidade da Facultade correspondente ao curso 2017-2018.

#### 1.4 Cambios na oferta de títulos impartidos no centro

Durante o curso 2016-17, seguindo os procedementos recollidos no SGC e a normativa establecida pola Universidade de Santiago de Compostela e de acordo coa guía de elaboración de memorias para a verificación de títulos universitarios da ACSUG, a Facultade de Ciencias elaborou a memoria do Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias, a cal foi verificada o 8 de maio de 2017 polo Consejo de Universidades. O 24 de outubro de 2017, foi publicado no BOE o establecemento do carácter oficial do Título e a súa inscrición no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT), publicándose o plan de estudos no BOE do 16 de febreiro de 2018. Este novo título comezou a súa implantación na Facultade durante o curso 2017-18 e dentro desta memoria preséntase a análise de todos os parámetros de calidade correspondentes ó seu primeiro ano de implantación.

Durante o curso 2017-18, seguindo os procedementos recollidos no SGC, a normativa establecida pola Universidade de Santiago de Compostela e de acordo coa guía de elaboración de memorias para a verificación de títulos universitarios da ACSUG, a Facultade de Ciencias elaborou a memoria do Máster Universitario en Enxeñaría do Procesado de Alimentos. Esta memoria, despois de ser aprobada polo consello de Goberno da USC e recibir o informe favorable previo a verificación por parte da ACSUG (26 de setembro de 2018) atópase en fase de verificación polo Consejo de Universidades e ten prevista a súa implantación no curso 2019-20.

No curso 2017-18, a Xunta de Centro do 26 de xaneiro de 2018 acordou non ofertar prazas de novo ingreso para o curso 2018-19 debido á falta de financiamento para continuar coa impartición do Título dado que a maioría do profesorado pertence á Área Externa. Do mesmo xeito se informou na Comisión do Título do MPRLSM que tivo lugar o 9 de febreiro de 2018. Nese momento, o obxectivo do centro era buscar novas fontes de financiamento para continuar coa oferta do mesmo en cursos posteriores, pero lamentablemente e de acordo co proceso institucional da USC *PI-01 Deseño*,

 FACULDADE DE CIENCIAS	MEMORIA DE CALIDADE 2017-2018 <b>FACULDADE DE CIENCIAS</b>	Data: <b>15/03/2019</b> Páxina 7 de 98
---	--	---

*modificación e extinción de programas*, a USC decidiu a extinción do MPRLSM, e posteriormente a súa revogación segundo a Orde do 11 de decembro de 2018 da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (DOG nº 241 de 19 de decembro de 2018, páx.. 52868).



## 2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

Neste apartado reflíctese un informe do seguimento do SIGC da Facultade de Ciencias atendendo as directrices Fides-Audit:

<b>Directrices Fides-Audit</b>
Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos
Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
Directriz 6. Información pública

Para cada unha destas directrices indícanse, en cada caso:

- As actuacións mais relevantes levadas a cabo pola Comisión de Calidade.
- A análise do funcionamento dos procesos e da evolución dos correspondentes indicadores de calidade.
- A análise da evolución das accións de mellora levadas a cabo no curso 2017-18.
- A formulación, en base as análises anteriores, de accións de mellora que serán recollidas no Plan de Melloras do Centro para vindeiro curso académico no apartado 3 da presente memoria de calidade.

## 2.1 Directriz 1.- Política e obxectivos de calidade

### Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

**Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.**

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro, recollidos na Programación Plurianual de Calidade do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan de Melloras de cada título, ou en conxunto do centro (as accións de mellora terán un apartado específico pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- Os procesos, procedementos e documentación do SGC: necesidade de efectuar cambios na xestión do Sistema de Garantía Interna de Calidade.
- A información relativa á satisfacción dos grupos de interese, queixas ou reclamacións, así como das súas necesidades e expectativas.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

### 1.1.1. Actuacións máis relevantes. Análise do funcionamento dos procesos e da evolución dos indicadores de calidade.

#### Vixencia da Política de Calidade.

Durante o curso académico 2017-18, a Facultade de Ciencias continuou dirixindo o seu esforzo e traballo á consecución da satisfacción das necesidades e expectativas dos seus grupos de interese, comprometéndose a empregar tódolos recursos técnicos, económicos e humanos dos que dispón, baixo os principios de responsabilidade, integración, participación, igualdade, orientación ao alumno, excelencia e transparencia. Estes principios continúan sendo os pilares sobre os que se fundamenta a nosa política de calidade e sobre os que desenvolvemos o noso traballo.

Non obstante, no proceso de elaboración do Plan Estratéxico da Facultade, estase definindo mais polo miúdo a misión, visión e valores que a Facultade, como centro de educación superior, desexa transmitir á sociedade.

#### Plan estratéxico do centro e programación plurianual.

Na política de calidade do centro, que figura no Manual do SGC da Facultade de Ciencias indícase que:

“La Facultad de Ciencias desarrolla su política de calidad a través de su plan estratégico y el plan anual de mejoras, que se elaborarán y aprobarán de acuerdo con lo establecido en el proceso PE-01, Planificación Estratégica.”

Por outra banda, durante os procesos de renovación de acreditación das titulacións que se imparten na Facultade, as subcomisións de avaliación sinalaron que non existían evidencias que aseguraran o funcionamento do SGC e que se debía continuar coa implantación e adecuación do mesmo. Así mesmo, os membros desa subcomisión tamén indicaron que non se realizara unha planificación estratéxica dos obxectivos do centro.

Debido a isto formuláronse, para as titulacións que renovaron a acreditación, accións de mellora que propoñían a elaboración do Plan Estratéxico e da Programación Plurianual da Facultade (GEPQI: AM-SGC-02; GNHD: AM-SGC-02 e MPRL e SM: AM-D1-C3-02).

A Comisión de Calidade comezou estas accións no curso 2015-16 e, na súa reunión do 9 de xuño de 2016, nomeou unha Comisión Redactora que comezou a recoller a información necesaria para levar a cabo unha análise DAFO. Esta análise tamén debería ter en conta o informe da Comisión Asesora Externa do Campus Terra. Debido a isto, e tamén á substitución do Responsable de Calidade do centro, sufriuse un atraso no desenvolvemento das accións propostas.

Durante o curso 2016-17 continuou traballándose na análise DAFO, e na elaboración do Plan Estratéxico e Programación Plurianual da Facultade polo que se formulou unha acción de mellora de centro (AMFC-1) recollida no apartado 3 da memoria de calidade 2015-16. O remate desta acción estaba previsto para decembro de 2017, pero a publicación en outubro de 2017 do “Mapa de titulacións do Sistema Universitario de Galicia” e a súa repercusión para o centro fixo necesario reflexionar máis profundamente sobre a misión da Facultade.

Dentro do curso 2017-2018, e englobada na acción de mellora AMF1718-1 proposta para a realización do Plan Estratéxico do Centro, foi aprobada a análise DAFO na reunión da Comisión de Calidade do 9 de maio de 2018. Ademais neste momento a análise CAME, e a proposta das liñas estratéxicas a seguir están moi avanzadas. Para o vindeiro curso 2018-2019 propónse unha acción de mellora relativa ao Plan Estratéxico do Centro (**AMF1819-1**) e está previsto a súa finalización en decembro de 2019.

## Evolución e grao de cumprimento do Plan de Melloras

Débese sinalar que, na memoria de calidade correspondente ao curso 2014-15, o centro asumiu como propias tódalas accións de mellora propostas nos informes de seguimento dos seus títulos para o curso seguinte. Debido a isto, no apartado 2 da Memoria de Calidade correspondente ao curso 2015-16, fíxose un resumo das accións relacionadas con cada unha das directrices Fides-Audit e do seu estado de execución. A maioría destas accións derivaban dos procesos de renovación de acreditación dos títulos impartidos no centro. Deste xeito, os procedementos do SGC permitíronnos levar a cabo a implantación e o seguimento de todas aquelas accións que necesitábase implementar en cada un dos títulos da Facultade.

Continuando con este procedemento, na memoria de Calidade 2016-17 tamén se deu conta do seguimento e estado de execución das accións que quedaron pendentes de rematar en cada unha das directrices antes indicadas.

Por outra banda tamén é importante destacar que, na memoria de calidade correspondente ao curso 2015-16, a Comisión de Calidade tomou a decisión de asumir como accións de mellora do centro, algunhas das que ata ese momento figuraban nos informes de seguimento dos títulos e desenvolvíanse de xeito continuado en cada curso académico. Estas accións deixaron de propoñerse como accións de título e pasaron a recollese no Plan de Melloras do Centro indicado no apartado 3 da memoria de calidade 2016-17, quedando todas elas executadas na presente memoria correspondente ao curso 2017-18 a excepción da que se refire ao Plan Estratéxico do Centro que continúa no 2018-19.

## Revisións do SGC

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) aprobou o primeiro Sistema Marco de Garantía Interna de Calidade en decembro de 2009 e de seguido comezou a instauración destes sistemas en tódolos seus centros.

Tomando como referencia a política de calidade da USC, a Facultade de Ciencias elaborou o seu Sistema de Garantía Interna de Calidade, como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos seus grupos de interese, resultando aprobado pola Comisión de Calidade do Centro o 9 de setembro de 2011 e pola Xunta de Facultade o 15 de setembro de 2011. Posteriormente continuou o seu trámite no Consello de Goberno da universidade (7 de novembro de 2011) e o seu deseño foi avaliado positivamente pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia con data 30 de maio de 2012, emitíndose certificación sobre o mesmo o 13 de decembro de 2012.

O 31 de maio de 2013 a Comisión de Calidade e Planificación, delegada do Consello de Goberno da Universidade, aprobou unha revisión do SGC marco da USC, quedando configurado polo manual extenso, manual simplificado e o manual de procedementos, ao que a Facultade de Ciencias se adaptou o 23 de outubro do 2013. Deste xeito simplificouse a documentación de referencia, adscribíndose o centro ao Manual de Procesos e Procedementos Marco da USC. Nesta modificación do SGC da Facultade tamén se definiu a política de calidade do centro, que segue vixente na actualidade.

A Comisión de Calidade e Planificación da USC aprobou, nunha reunión celebrada o 3 de outubro de 2014, os cambios introducidos no Manual simplificado do SGC, froito da revisión do sistema. Estes cambios afectaron só ao apartado 5 denominado Indicadores.

Derivado desta modificación e das recomendacións suxeridas polas subcomisións avaliadoras nos procesos de renovación de acreditación a Facultade levou a cabo unha revisión do SGC que foi aprobada pola Xunta de Facultade o 21 de xullo de 2015.

Inmediatamente despois, o 29 de xullo de 2015 foi aprobada en Consello de Goberno a terceira versión do Manual de Procesos e Procedementos do Sistema de Garantía Interna da Calidade marco. Fundamentalmente os cambios consistiron nunha actualización da normativa relacionada e dos indicadores asociados a cada proceso/procedemento para que reflectiran os cambios producidos no Manual Simplificado. Ademais o proceso PC-02 Revisión da oferta académica foi modificado completamente para axustarse á normativa de modificación da ACSUG e da USC.

Estas modificacións derivaron nunha nova revisión do SGC da Facultade de Ciencias que foi aprobada pola Comisión de Calidade e Planificación da USC o 27 de abril de 2017.

Deste xeito a documentación da Facultade de Ciencias quedaba configurada pola documentación marco e o seu manual específico: "Manual Simplificado do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Ciencias", "Manual Extenso do Sistema Marco de Garantía de Calidade" e o "Manual de Procesos e Procedementos".

Durante o curso 2016-17 a Facultade de Ciencias someteuse ao procedemento de certificación de implantación do SGC, descrito a continuación e a consecuencia do mesmo levouse a cabo a derradeira revisión do SGC da Facultade.

## Certificación de implantación do SGC

O 24 de setembro de 2015 a Comisión de Calidade do centro valorou a posibilidade de presentarse voluntariamente ao procedemento de certificación de implantación do SGC unha vez que se tiña acadado a acreditación dos títulos que se imparten no centro. Por prudencia, e mentres non se tiña mais avanzada a elaboración do Plan Estratéxico do centro así como unha información mais detallada

das futuras liñas de actuación do Campus Terra, a Comisión decidiu pospoñer este proceso durante un curso académico.

O 27 de setembro de 2016 a Xunta de Facultade aprobou presentarse voluntariamente ao procedemento de certificación de implantación do SGC ao cal se someteu durante o curso 2016-2017. A consecuencia disto, tanto o SGC da USC como o da Facultade víronse sometidos a un profundo proceso de modificación e revisión.

O 22 de febreiro de 2018 a Comisión de Calidade e Planificación da USC aprobou a revisión e simplificación do Manual Extenso, así como a supresión de procesos e procedementos obsoletos. Paralelamente a isto, a Comisión de Calidade do centro tamén aprobou a revisión do SGC da Facultade o 22 de marzo de 2018 sendo ratificado pola Xunta de Facultade o 3 de abril de 2018 e posteriormente remitida a Área de Calidade e Mellora de Procedementos para sometela a aprobación da Comisión de Calidade e Planificación da USC.

A Facultade de Ciencias obtivo con data 25 de xuño de 2018 a Certificación de Implantación do SGC con validez ata o ano 2023.

En canto á Acreditación Institucional, o 30 de outubro de 2018 obtívose Informe favorable de Acreditación Institucional da ACSUG e o Consejo de Universidades por resolución do 28 de xaneiro de 2019 declarou a acreditación institucional da Facultade de Ciencias.

### 1.1.2. Evolución das accións de mellora propostas no Plan de Melloras do curso anterior

No apartado 3 da memoria de Calidade 2017-18, fórmulase a acción de mellora **AMF1819-1** (código anterior **AMF1718-1**) que consiste na elaboración do Plan Estratéxico da Facultade de Ciencias. Esta acción provén da acción de mellora AMF1718-1 recollida na Memoria de Calidade do curso 2016-17, e deriva da análise realizada polas Subcomisións Avaliadoras da Renovación de Acreditación dos Títulos da Facultade de Ciencias.

- **AMF1718-1.-** Elaboración e aprobación do plan estratéxico e da programación plurianual da Facultade de Ciencias. En execución. Data prevista de finalización: 30/12/2019.
  - **Evolución:** No apartado anterior xa se indicaron as actuacións levadas a cabo no desenvolvemento desta acción e o prazo previsto para a súa finalización. Debido a que a acción **AMF1718-1** non foi rematada eficazmente no curso 2017-18, non se da por executada trasladándose a unha nova acción de mellora de centro para o curso 2018-19 co código **AMF1819-1**.

Evidencias nas Comisións de Calidade do 09/06/2016, 20/03/2017, 26/09/2017, 22/03/2018 09/05/2018 e 12/03/2019.

### 1.1.3. Formulación de accións de mellora para o curso 2018-19

Ademais da acción **AMF1819-1** (código anterior **AMF1718-1**), xa indicada no apartado anterior, que está pendente de execución, non se formulan novas accións de mellora.

- **AMF1819-1 (código anterior AMF1718-1).-** Elaboración e aprobación do plan estratéxico da Facultade de Ciencias. Data prevista de finalización: 30/12/2019.

## 2.2 Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

### Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

**Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación e revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Resultado da análise realizada de todas as accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
  - cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire;
  - cumprimento de guías docentes;
  - procedementos de coordinación,
  - resultados de materias e títulos;
  - análise do perfil real de ingreso/egreso,
  - análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.

### 2.2.1. Actuacións máis relevantes. Análise do funcionamento dos procesos e da evolución dos indicadores de calidade.

#### Revisión e mellora dos Programas Formativos. Cumprimento das guías docentes. Procedementos de coordinación

Durante o curso 2017-18, e de acordo co PE-02 do Manual de Procesos de Centro, as comisións de título, supervisadas pola Comisión de Calidade do centro, levaron a cabo a revisión e mellora dos programas formativos, para garantir o cumprimento das memorias verificadas ao mesmo tempo que, tendo en conta os resultados obtidos e as necesidades dos diferentes grupos de interese, procedían a análise e avaliación das súas posibles modificacións.

Un aspecto importante deste seguimento foi a aprobación e supervisión do cumprimento da guías docentes de acordo cos contidos, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación que figuran nas memorias dos títulos.

Por outra banda, nos Informes de Coordinación anexados as actas das comisións de título, deixase constancia do traballo desenvolvido polos coordinadores de módulo, de curso e de título e nos que se reflicten todos aqueles aspectos que deben ser obxecto de análise por parte da comisión e/ou problemas aos que se lle debe dar unha solución para garantir a normal impartición dos programas formativos.

A análise dos resultados de cada un dos programas formativos correspondentes aos títulos impartidos no centro descríbese no apartado seguinte (directriz 3: Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado).

➤ **GEPQI: Modificación do plan de estudos. Seguimento do Plan de Viabilidade**

O Decreto 222/2011 sinala que as ensinanzas universitarias oficiais de grao deberán contar cun número anual de estudantes de novo ingreso igual ou superior a 45 alumnos nos campus periféricos como é o caso do Campus Terra. O GEPQI presentou un Plan de Viabilidade por non cumprir cos requisitos antes mencionados. Neste Plan, que foi aprobado pola Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia o 30 de outubro de 2015, contéplase compartir 90 ECTS nos dous primeiros cursos cos títulos de Grao en Enxeñaría Civil e Grao en Enxeñaría en Xeomática e Topografía, tamén do Campus de Lugo.

Debido a isto o 20 de xaneiro de 2016, a Xunta de Centro da Facultade de Ciencias aprobou solicitar o comezo do proceso de modificación da memoria do GEPQI para cumprir co Plan de Viabilidade e poder implantar esta modificación no curso 2017/2018.

A partir dese momento e durante os primeiros meses de 2016, as comisións de título dos tres graos, baixo a coordinación da vicerreitoría do Campus de Lugo, comezaron a traballar nas modificacións que deberían facerse en cada título para cumprir co Plan establecido.

No caso do GEPQI, de acordo cos procesos e procedementos do SGC, de revisión e deseño da oferta académica e dos programas formativos, aproveitouse esta circunstancia para incorporar a memoria do título tódalas modificacións non substanciais realizadas ata o momento, así como tódalas recomendacións e suxestións que ao respecto foran efectuadas pola subcomisión de avaliación no proceso de Renovación da Acreditación.

O 14 de setembro de 2016 recibíuse o informe favorable para envío a verificación da modificación do título. Posteriormente, o 8 de marzo de 2017 recibíuse, en termos favorables, o Informe Final de Avaliación da solicitude de modificación do plan de estudos. A publicación desta modificación foi realizada no BOE o 11 de outubro de 2017 e no DOG o 25 de outubro de 2017. En setembro de 2017 comezou a implantación do novo plan de estudos, sendo ofertado soamente para os estudantes que iniciaban estudos no título.

**Seguimento do Plan de Viabilidade**

O 30 de xaneiro de 2017 a Xunta de Facultade aprobou o autoinforme de Seguimento do Plan de Viabilidade elaborado pola Comisión de Título correspondente ao curso 2015-16. A Comisión de Avaliación de Plans de Viabilidade, como resultado da avaliación do autoinforme e do cumprimento dos obxectivos do Plan de Viabilidade, emitiu un Informe de Seguimento en termos favorables con data 28 de xullo de 2017.

No comezo do curso, setembro de 2017, o plan de estudos do GEPQI atopouse en fase de implantación e tódolos detalles relativos ao Plan de Viabilidade e o seu seguimento poden consultarse no seguinte enlace:

<http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/graoenepqi.html>

De acordo co Plan de Viabilidade, no curso 2017-18, estaba prevista a oferta do dobre grao en Enxeñaría Civil e Enxeñaría en Procesos Químicos Industriais. A Secretaría Xeral de Universidades (SXU) non permitiu levar a cabo a implantación do dobre título polo que o desenvolvemento do Plan de Viabilidade quedou truncado.

Na publicación do “Mapa de titulacións do Sistema Universitario de Galicia”, en outubro de 2017 o Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais non estaba afectado nin por duplicidade nin por baixa demanda, como mostran os resultados reflexados nos Informes de cumprimento do Plan de Viabilidade. Sen embargo, esta publicación tivo repercusión para o Centro e fixo necesario reflexionar máis profundamente sobre a misión da Facultade.

➤ **GNHD: Reflexión sobre as posibles modificacións do plan de estudos.**

No curso 2017-18 continuouse desenvolvendo a acción AMF1718-8 proposta como acción de mellora do título, derivada do procedemento de renovación de acreditación do título e que tiña como obxectivo reflexionar sobre posibles modificacións do plan de estudos coa inclusión de maior formación práctica nas materias e aumentar a temática de materias optativas. No presente curso continuouse recompilando información sobre necesidades formativas de egresados e empregadores mediante, enquisas, reunións, etc.

Nas Comisións de Título do 9 de xaneiro e 15 de marzo de 2018 continuouse reflexionando sobre a modificación do plan de estudos e, na Comisión de Título do 11 de marzo de 2019, acordouse non modificalo ó considerar que a formación complementábase con xornadas e cursos que xa son ofrecidos ó longo destes anos na Facultade de Ciencias, a considerando executada esta acción de mellora segundo o acordado na reunión da Comisión de Calidade do 12 de marzo de 2019.

➤ **MPRLeSM: Reflexión sobre as posibles modificacións do plan de estudos.**

No curso 2015-16 executouse a acción de mellora AM-D1-C1-02, que derivaba do proceso de renovación de acreditación do título e que facía referencia as prácticas externas.

No curso 2016-17 non se efectuaron mais deliberacións referentes a ese tema e continuouse comprobando a adecuación do actual Plan de estudos as necesidades demandadas polos grupos de interese.

No curso 2017-18, a Xunta de Centro do 26 de xaneiro de 2018 acordou non ofertar prazas de novo ingreso para o curso 2018-19 debido á falta de financiamento para continuar coa impartición do Título dado que a maioría do profesorado pertence á Área Externa. Do mesmo xeito se informou na Comisión do Título do MPRLSM que tivo lugar o 9 de febreiro de 2018.

➤ **MINSTA: Implantación.**

No curso 2017-2018 levouse a cabo a implantación do novo Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias.

➤ **Deseño da memoria de Máster en Enxeñaría do Procesado de Alimentos (MEPA)**

Durante o curso 2017-18, seguindo os procedementos recollidos no SGC, a normativa establecida pola Universidade de Santiago de Compostela e de acordo coa guía de elaboración de memorias para a verificación de títulos universitarios da ACSUG, a Facultade de Ciencias elaborou a memoria do Máster Universitario en Enxeñaría do Procesado de Alimentos.

Con esta nova oferta de máster, enmarcado dentro das liñas do **Plan de Orientación da Especialización Docente (PDOED) do Campus TERRA**, preténdese cumprir cos seguintes obxectivos:

- Constituír unha oferta de continuación de estudos que resulte atractiva non só para os titulados do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais, que se imparte na Facultade de Ciencias e que serían os seus principais destinatarios, senón tamén para outros titulados cuxa formación académica se corresponda con graos afíns a este ámbito e que teñan interese en obter unha formación de carácter especializado en todos os aspectos relacionados coa enxeñaría de procesado de alimentos (Food Processing Engineering), desde a súa condición inicial como materia prima susceptible de transformar e/ou



acondicionar até o seu destino final como produto de consumo. As áreas de coñecemento implicadas, proporcionarán unha ampla formación multidisciplinar dirixida, de acordo coa Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3 Galicia), a promover a especialización e a incorporación ás empresas do sector alimentario.

- Aproveitar os recursos materiais e humanos existentes tanto na Facultade de Ciencias como no Campus TERRA.
- Complementar a oferta académica da Facultade, establecendo sinerxías co Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentaria (MINSTA) e compartindo materias optativas, que poderán ofertarse de forma común para ambas as titulacións, constituíndo así unha formación académica completa, integrada, multidisciplinar e diversa no campo da Nutrición e a Industria Alimentaria.
- Posibilitar a retención de talento de maneira que o capital humano captado poida investirse no desenvolvemento dos grupos de investigación do Campus TERRA, xa que os titulados terán a opción de iniciarse en tarefas de investigación que permitirán a posibilidade de integrarse nos citados grupos e completar a súa formación académica e investigadora.

Esta memoria, despois de ser aprobada polo Consello de Goberno da USC e recibir o informe favorable previo á verificación por parte da ACSUG (26 de setembro de 2018) atópase en fase de verificación polo Consejo de Universidades e ten prevista a súa implantación no curso 2019-20.

### **Análise do perfil real de ingreso**

A análise do perfil real de ingreso lévase a cabo a nivel de título e desenvólvese a continuación para cada unha das titulacións do centro.

#### **➤ Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais**

No curso 2017/2018 iniciaron os estudos do grao un total de 27 estudantes, dos cales 24 principiaban estudos na universidade.

Dos estudantes de nova matrícula, 24 proceden do Bacharelato e o resto accedeu ó título por outras vías, e segundo os datos proporcionados pola Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG), 18 elixiron este grao en 1ª opción. Por outra banda, compre dicir que o 54,2% deles non proceden da provincia de Lugo, sendo con diferenza a provincia da Coruña a que achega máis estudantes non orixinarios de Lugo.

Indicar tamén que os datos facilitados pola CIUG revelan que entre os novos estudantes do grao a porcentaxe de mulleres é do 42%, de xeito tal que se mantén unha proporción global de mulleres no título do 50,4%, valor moi superior ao 30% de media estatal que para os estudos de enxeñaría indican os datos do Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU).

Os datos da CIUG amosan tamén que a nota media de acceso desta cohorte de estudantes foi de 7,39 (sobre 14), cun 50,0% de estudantes con nota entre 6 e 8 e un 29,2% cunha nota superior a 8 (un total de 79,2% dos estudantes con nota superior a 6).


Para ter máis datos sobre o seu perfil real de ingreso, a Facultade realizou unha enquisa ós 18 estudantes procedentes das PAAU de xuño. Así, os datos revelan que o 88,8% cursou previamente estudos de Matemáticas, o 94,4% de Química e o 77,7% de Física, coincidindo así co perfil de ingreso recomendado para o título, e o 22,2% cursou previamente Debuxo Técnico; compre salientar que tamén o 22,6% manifesta ter cursado as catro materias mencionadas. Por outra parte, o 100% afirma ter ordenador e conexión a internet.

Compre indicar que ningún dos estudantes dixo ter escollido este título para estar ou permanecer en Lugo, xa que as principais razóns esgrimidas para a súa elección foron as saídas profesionais (45,5%) e/ou que lle gustan as materias que se imparten no mesmo (32,0%).


Á pregunta de como obtiveron información sobre o grao, as respostas mais salientables foron a través das diversas fontes de Internet (41,7%), por familiares e coñecidos (15,0%) ou por ter feito previamente unha visita á Facultade co seu centro de ensino (20,8%).

➤ **Grao en Nutrición Humana e Dietética**


No curso 2017-18 matriculáronse de novo ingreso un total de 54 estudantes, dos que a meirande parte (87,8%) procedían do Bacharelato (43 dos 49 alumnos da cota xeral), porcentaxe superior ao de anos anteriores. Desde Formación Profesional accederon 6 dos 49 alumnos da cota xeral (12,2%). Ademais dos 49 da cota xeral, 3 alumnos procedían doutras titulacións, 1 ingresou vía acceso para maiores de 25 anos, e 1 máis na cota reservada a discapacitados, totalizando os 54 alumnos arriba referenciados. A oferta total de prazas fixouse no curso 2012-13 en 60 alumnos (40 nos cursos 2010-11 e 2011-12), e a ocupación das mesmas foi sempre igual ou superior ao 90%, con taxas de variación interanual de 0%, -1,75%, +1,79%, +1,75% e -5,17% para os cursos 2013-14, 2014-15, 2015-16, 2016-17 e 2017-18, respectivamente). Respecto a este último curso, aínda que a demanda segue a ser moi elevada (448 solicitudes para 60 prazas), a inadecuación que sigue existindo entre os calendarios das probas de acceso e os de matrícula fai que en ocasións alumnos interesados nun grao concreto non poidan finalmente matricularse no mesmo aínda que queden prazas vacantes. Por sexos, a tendencia desde os inicios do grao grao é a un lento pero progresivo equilibrado, pasando o número de alumnas do 80,0% inicial no curso 2010-11 ao 67,0% no curso 2017-18, converxendo así cara á distribución media a nivel nacional (69,4%) para as titulacións da rama de Ciencias da Saúde, tal e como se recolle na última edición dispoñible de Datos y Cifras del Sistema Universitario Español, curso 2015-2016, MECD.




Por orixe xeográfica, os alumnos matriculados no grao proceden maioritariamente de Galicia (83,6%), especialmente das provincias da Coruña (30,4%) e Lugo (27,1%). Cabe destacar que o alumnado procedente doutras CC.AA. mantense por encima do 15%, representando no curso 2017-18 un 16,4% do total de matriculados no grao, fronte a un 5,7% para o curso 2010-2011.



Os datos proporcionados pola Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG) amosan que o 68,6% dos alumnos matriculados elixiron este grao en 1ª ou 2ª opción.



De acordo coa mesma fonte, a nota media de acceso (sobre 14) desta cohorte de estudantes foi de 9,416 e de 8,905 para os estudantes procedentes do Bacharelato e a Formación Profesional, respectivamente, cun 44,9% cunha nota entre 8 e 9, e un 55,1% con nota superior a 9. Este perfil de acceso é notablemente superior ao dos cursos 2015-16 e 2016-17.



En conxunto, o 100% dos estudantes ingresaron cunha cualificación superior a 6, dato que está por encima da media global das universidades do estado (88,4%), e na liña da media das titulacións da rama de Ciencias da Saúde (97,4%) (Datos y Cifras del Sistema Universitario Español, curso 2015-2016, MECD).

➤ **Máster en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental**

Os resultados do perfil de ingreso recóllense na táboa seguinte de forma comparativa desde o ano 2013. (Véxase tamén 4311782\_I2\_2016-2017.pdf).

Titulación	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
Administración y Dirección de Empresas	3	---	---	1	1
Arquitectura	---	---	1	---	---
Bioloxía	---	1	---	---	---
Ciencia y tecnología alimentos	1	---	---	1	---
Ciencias del mar y ambientales	1	---	---	---	---
Enfermería	1	1	2	---	1
Ingeniería Superior (Diversas especialidades)	4	3	13	2	12
Ingeniería Técnica (Diversas especialidades)	10	9	---	5	3
Náutica y Transporte Marítimo	---	1	---	---	---
Química	1	2	2	---	---
Relaciones Laborales y Recursos Humanos	3	4	2	3	1
Socioloxía	1	---	---	1	---
Turismo	1	---	---	---	---
Derecho	---	---	---	---	1
Maestro	---	---	---	---	1
Farmacia	---	---	---	---	1
Geografía y Ordenación del territorio	---	---	---	1	---
TOTAL	26	21	20	14	21

Datos desagrupados en [4311782\\_I2\\_2017-2018.pdf](#).

Estes resultados inclúense na información pública na páxina Web do Máster na dirección que se indica de seguido:

<http://www.usc.es/ql/centros/ciencias/MPRLSM4.html>

Ademais os indicadores relacionados con este criterio achéganse a continuación:

Indicador	Definición	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
INO2M-PC-05	Matrícula	48	45	37	34
INO3M-PC-05	Matrícula de novo ingreso	22	19	14	21
INO4M-PC-05	Matrícula de inicio de estudos	22	19	14	21
INO5M-PC-05	Variación da matrícula de inicio de estudos	-12	-13,64	-26,32	50
INO6M-PC-05	Nota media de acceso por preinscripción	6,54	6,8	6,71	6,86
INO7M-PC-05	Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis	95,45	94,74	85,71	90
INO8M-PC-05	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados	0	0	0	2,94

Á vista dos datos achegados e da discusión dos mesmos por parte da Comisión do Título do MPRL e SM, considerase de interese resaltar os seguintes aspectos respecto do perfil de ingreso:


- O perfil maioritario de ingreso corresponde a egresados de titulacións técnicas (enxeñaría técnicas e superiores ou graduados en diversas ramas da enxeñaría): o 65,7 % do total do alumnado, feito este que se corresponde co interese inicial de implantación do título, como un máster para complementar a formación dos enxeñeiros técnicos industriais formados na Facultade de Ciencias e outros enxeñeiros das ramas agrícolas e forestais formados no Campus Terra. O resto do alumnado está formado por estudantes de diversas e variadas titulacións, entre as que cabe destacar a presenza continuada nos últimos anos, de egresados de Relacións Laborais, con porcentaxes comprendidos entre o 5 e 20% do total. Isto xustifícase pola cada vez

maior presenza de titulados de RR.LL. en ámbitos de traballo relacionados coa prevención de riscos laborais, e que se interesan por unha axeitada e máis profunda formación nesta materia. Adicionalmente compre indicar que o 70,59 % dos alumnos matriculados de inicio de estudos, corresponden a egresados en títulos de grao da USC ([IN13-M-PC-05](#)), e unicamente o 9,52 % de eles (2 alumnos) correspóndense con estudantes de transición de grao(s) do propio centro ao máster ([IN52-S01-PM-01](#)). Este feito parece indicar que na actualidade o MPRL e SM non é o destino de posgrao preferente para o alumnado de grao da Facultade de Ciencias, e polo contrario o MPRL e SM parece ser un posgrao de maior interese para egresados de outros centros do Campus Terra, tal como a Escola Politécnica Superior de Enxeñería, ou a Escola Universitaria de Relacións Laborais, así como de outras universidades do SUG.

- A presenza de alumnos correspondentes a un número elevado de titulacións diferentes no MPRL e SM mantense. Esta tendencia parece indicar que o interese pola prevención de riscos laborais, aínda que se centra nos eidos de coñecemento puramente técnicos, tamén se estende a outras titulacións presentes no Campus Terra tales como RR.LL, ADE, Enfermaría etc.
- Os resultados académicos obtidos demostran que o perfil de ingreso efectivo é apropiado, se obteñen boas taxas de éxito, avaliación, e graduación en tempo razoable arredor de 2 anos. Este feito explícase pola dedicación laboral de moitos dos alumnos do máster, que ao estar traballando pospoñen a realización e presentación do TFM á convocatoria de xullo do segundo ano académico, o que incrementa o indicador IN38M-S01-PM-01 ata valores preto dos dous anos, en lugar do 1,5 que sería o normal para un máster de 90 créditos, como é o caso.

Indicador	Nome	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
<a href="#">IN35M-S01-PM-01</a>	Taxa de éxito	100	100	100	100
<a href="#">IN36M-S01-PM-01</a>	Taxa de avaliación	98,55	96,94	95,37	96,02
<a href="#">IN37M-S01-PM-01</a>	Taxa de graduación	100	80	95,45	94,44
<a href="#">IN38M-S01-PM-01</a>	Duración media dos estudos	2,05	2,1	2,24	2

- O alumnado de ingreso ten unha nota media de acceso por preinscrición ([Indicador IN06M-PC-05](#)) aceptable, de 6,86 no curso obxecto de seguimento. Así mesmo, é preciso destacar que o 90,0% do alumnado de primeira matrícula ingresa cunha nota de corte maior que 6 ([Indicador IN07M-PC-05](#)). Sen embargo, a matrícula de novo ingreso que acumulaba un descenso significativo desde o curso 2013-14, na presente edición remontou claramente, os indicadores [IN03M-PC-05](#) e [IN04M-PC-05](#) de novo ingreso e inicio de estudos arroxan en ambos casos un valor de 21 alumnos. Este feito demostra que as medidas de difusión levadas a acabo mediante a acción de mellora AMMPRL-2 cara á difusión do máster no Campus Terra e no SUG no curso previo foron efectivas, e por elo se cubriron o 95,4% das prazas ofertadas (21 de 22).



Matricula de novo ingreso. Indicador IN04M-PC-05 (Cursos 2012-13 a 2017-18).

- A procedencia xeográfica do alumnado é totalmente galega (100,0%). Dentro de Galicia, as provincias de Lugo e A Coruña son absolutamente maioritarias supoñendo o 70,6% e o 17,6%, respectivamente, do total de alumnos. Feito este que hai que interpretar en termos de proximidade xeográfica no primeiro caso e excelente comunicación viaria no segundo. O resto do alumnado compóñeno persoas doutras provincias galegas (2,94% Ourense e 8,82% Pontevedra). Este perfil xeográfico de ingreso vense repetindo ao longo dos últimos anos, e está relacionado con outras ofertas de máster semellantes existentes noutras zonas xeográficas de Galicia (Coruña e Vigo), e das comunidades veciñas (Oviedo e León).  
Datos en [4311782\\_INF.16\\_2017-2018.pdf](#).
- O máster atende maioritariamente a egresados da USC, que supoñen máis do 70% da matrícula total ([IN13M-PC-05](#)) nos dous últimos cursos. Aínda que para o curso presente, o indicador de número de matriculados no máster con respecto ao de graduados do propio centro ([IN14C-PC-05](#)) non está dispoñible, a realidade é que a tendencia é decrecente, xa que os alumnos de novo ingreso que son egresados da Facultade de Ciencias non superan o 10% do total. Esta situación explícase pola oferta de máster na Facultade de Ciencias, na que o MPRL e SM é o único título de posgrado impartido ao que potencialmente acceden alumnos do grao de Enxeñería de Procesos Químicos Industriais (Enxeñería Técnica Industrial), pero que presenta pouco interese para os egresados en Nutrición e Dietética Humana, que constitúen o alumnado máis numeroso do Centro.

➤ **Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridades e Tecnoloxías Alimentarias**

No curso 2017-18, a oferta total de prazas fixouse en 25 e matriculáronse de novo ingreso un total de 19 estudantes. Dentro do campo das Ciencias e Ciencias da Saúde, a procedencia por titulacións é moi variada, incluíndo Bioloxía, Veterinaria, Ciencia e Tecnoloxía de Alimentos, Química, Nutrición e Dietética, Farmacia e Enfermería.

Por orixe xeográfica, os alumnos matriculados no máster proceden maioritariamente de Galicia. O alumnado procedente doutras CC.AA foi do 10,53% recibindo estudantes de Burgos e Alacante. De fóra do EEES, recibimos estudantes de Arxentina e Costa Rica.

A porcentaxe de matriculados que son titulados da USC foi do 52,63%, mostrando unha gran captación de estudantes doutras universidades. En conxunto, o 100% dos estudantes ingresaron cunha cualificación superior a 6,92.

**Análise do perfil real de egreso**

A análise do perfil real de egreso lévase a cabo a nivel de título e desenvólvese a continuación para cada unha das titulacións do centro.

➤ **Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais**

Para este curso, a Universidade non proporcionou á Facultade os datos de inserción laboral recollidos no Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU), nin os datos da ACSUG, polo que os únicos dispoñibles foron elaborados respecto ós egresados do curso 2013-2014, é dicir, estes titulados incorporáronse ó mercado laboral en plena crise económica.

En termos globais, o informe revela que a porcentaxe de afiliados á Seguridade Social un ano despois de rematar os estudos era do 27,3%, e xusto o dobre un ano despois. Soamente a terceira parte amosa ter un posto de traballo cun contrato indefinido, acorde co seu nivel de formación e cos ingresos correspondentes, manténdose no tempo nestas circunstancias, mentres que dun ano ó seguinte a porcentaxe de autónomos pasou do 0% ó 16,7%. Pola contra, os que teñen un traballo inferior ó seu nivel de formación teñen menos ingresos a pesar de que a porcentaxe de contratados indefinidamente aumentou.


Aínda que os datos non permiten extraer máis conclusións, segundo os datos do SIIU, o 71% dos titulados de enxeñaría consegue ter un contrato indefinido, a tempo completo, e acorde coa súa formación, 5 anos despois de acadar o título, mentres que nos dous primeiros anos esta porcentaxe é inferior: 61%. Isto amosa que a situación dos egresados de enxeñaría mellora co tempo, en contraposición co que sucede noutras ramas de coñecemento, e esperase que o mesmo suceda cos titulados deste grao.

Tamén se debe ter en conta o Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación ([IN42-S01-PM-01](#)): o valor medio do indicador foi de 3,12, diminuíndo así lixeiramente respecto ó curso anterior (3,21). Para ter mas información, o centro realizou en decembro de 2017 ás súas propias enquisas ós estudantes egresados nos cursos 2014/2015, 2015/2016 e 2016/2017 ([Enquisas egresados propias centro.pdf](#)); cunha taxa de resposta do 30%, o nivel medio de satisfacción dos titulados móvese entre 3,5 para a formación teórica e 3,0 para a formación práctica, e revelan que o estudos realizados cumpriron ás súas expectativas cunha satisfacción de 3,5.

➤ **Grao en Nutrición Humana e Dietética**


Os datos oficiais de inserción laboral máis actualizados para o GNHD están referidos á cohorte de alumnos 2013-14, computados para as datas 23/03/2015 e 23/03/2016 (1 ano e 2 anos tralo egreso, respectivamente). De acordo co informe remitido no seu día pola ACSUG (2502222\_EIL-SIU\_2015-2016) para esta cohorte, a taxa de afiliación á Seguridade Social resultou dun 38,9% no primeiro ano, aumentando ata o 66,7% no segundo ano. A destacar que a meirande parte dos egresados están englobados no grupo de cotización correspondente a estudos universitarios (85,7% no primeiro ano, 75,0% no segundo ano), e traballando a xornada completa (100,0% no primeiro ano, 66,7% no segundo ano). A porcentaxe de autónomos foi do 85,7% no primeiro ano e do 50,0% no segundo ano.

Estes datos pódense complementar cos obtidos nas enquisas realizadas polo propio centro ([Informe das opinións dos estudantes do Grao en Nutrición Humana e Dietética](#), 2014/2015, 2015/2016 e 2016/2017, [Enquisas egresados propias centro.pdf](#)), que se presentan a continuación:




Se respondiches afirmativamente, a túa experiencia ou labor profesional está ou estivo relacionada coa túa titulación?

	Número	% da titulación	% do centro	Taxa de resposta
SI	10	71,43	54,84	82,35%
NON	4	28,57	45,16	



Independentemente da túa situación laboral, cres que realizar os teus estudos foi ou pode ser de utilidade?

	Número	% da titulación	% do centro	Taxa de resposta
SI	13	76,47	83,33	100,00%
NON	4	23,53	16,67	



➤ **Máster en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental**


Desafortunadamente, non se dispón de datos actualizados sobre a inserción laboral dos titulados dos másters, que teñen que ser avaliados e subministrados pola administración autonómica. Non obstante, os resultados de saída de anos anteriores publicados polo Ministerio de Educación no documento *Variables e indicadores da Seguridade Social. Análise transversal* para os graduados da cohorte 2013-14 parece satisfactorio. Indican que os egresados do presente máster están actualmente con taxas de emprego do 80% e 85% no primeiro e segundo ano despois da graduación, respectivamente. Adicionalmente, é preciso indicar que o grupo de cotización deste grupo nos períodos anteriormente mencionados é maioritariamente "Universidade" con 68,8% e 70,6%, respectivamente, e aínda que nun porcentaxe do 71,4% realiza funcións de traballo con contratos a tempo completo, a




porcentaxe de contratación indefinida do colectivo é do 20-30%. (datos en [4311782\\_EIL-SIIU\\_2015-2016.pdf](#) correspondente ao curso 2016-17).

O centro (Fac Ciencias) realizou enquisas aos seus egresados durante o período 26/12/2017 ao 15/01/2018, consultándolles diferentes aspectos relacionados coa titulación e o centro. Das enquisas recibidas do grupo de egresados (37, Taxa de resposta sobre alumnos contactados: 19%) con relación á súa situación laboral, cabe destacar que o 83,3% dos titulados traballan un ano despois da conclusión dos seus estudos. Véxase [Enquisas egresados propias centro.pdf](#).

Desde que finalizaches os teus estudos, traballaches ou estás traballando?



Independentemente da túa situación laboral, cres que realizar os teus estudos foi ou pode ser de utilidade?



E aínda que para unha parte relevante deles, a súa experiencia laboral aínda non está directamente relacionada coa formación recibida no MPRL e SM, o 80,0% recoñece que estes estudos poden ser útiles no seu futuro desenvolvemento profesional.

### ➤ **Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridades e Tecnoloxías Alimentarias**

Este máster impártese por primeira vez no curso 2017-2018 e consta de 90 créditos que se desenvolven ao longo de 3 semestres. O alumnado do curso 2017-2018 encóntranse actualmente realizando o terceiro semestre, polo tanto, rematarán o máster entre febreiro e xullo de 2019. Unha vez termine a primeira promoción, esperamos ter datos de inserción laboral para o próximo informe.

## 2.2.2. Evolución das accións de mellora propostas no Plan de Melloras do curso anterior

Nesta memoria de calidade correspondente ao curso 2017-18, faise un resumo das accións relacionadas con cada unha das directrices Fides-Audit e do seu estado de execución. De todas elas só quedaban as accións **AMF1718-3** e **AMF1718-8** pendentes de rematar no curso 2017-18. Estas accións veñen derivadas da memoria do curso 2015-2016 con códigos **AMGNHD-2.1** e **AMGNHD-2.2** respectivamente.

- **AMF1718-3.- (código anterior AMGNHD-2.1)** Reflexión sobre as posibles modificacións do plan de estudos a medio prazo e mellora da formación dos estudantes a curto prazo. **Tarefa 1:** Recopilación de información sobre necesidades formativas (de egresados e empregadores) e preferencias (estudantes), mediante enquisas, reunións, etc. Executada, Data de exexución 12/03/2019

- **Evolución:** Con data 19/07/2017 o Responsable de Calidade, a efectos de non duplicar o traballo nos centros, enviou un correo á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos por se tiña previsto realizar de xeito centralizado algunha enquisa a egresados ou empregadores na que se contemple algún dos aspectos sinalados nesta acción de mellora. Con data de 28/11/2017 foi asignado un bolseiro para á realización das enquisas que demandaba o centro. Na Comisión do Grado en Nutrición Humana e Dietética do 15/03/2018 acordouse que como esta tarefa non puido ser realizada no curso académico 2016-17 se ampliara o prazo de finalización para o curso 2017-2018.

As enquisas leváronse a cabo no curso 2017-18 e os resultados foron analizados pola Comisión de Título e aparecen reflectidos no apartado anterior do presente documento. Debido a isto dáse por finalizada a execución desta acción de mellora segundo o acordado na Comisión de Calidade do 12/03/2019.

Evidencias: actas das comisións do GNHD de datas 23/03/2017, 09/06/2017, 09/01/2018, 15/03/2018 e 11/03/2019, acta da Comisión de Calidade de 12/03/2019.

- **AMF1718-8.- (código anterior AMGNHD-2.2)** Reflexión sobre as posibles modificacións do plan de estudos a medio prazo e mellora da formación dos estudantes a curto prazo. **Tarefa 2:** Reflexión sobre as posibles modificacións do plan de estudos de acordo coa información procedente dos grupos de interese. Data prevista de remate: 31/07/2019.

- **Evolución:** Ó longo do curso 2016-2017 fixéronse distintas reflexións con relación ás posibles modificacións do plan de estudos de acordo coa información procedente dos grupos de interese, nas Comisións de Título do 23/03/2017 e do 09/06/2017. Nesta última comisión indicouse que serían necesarios os resultados das enquisas ós egresados para poder propoñer modificacións. Esta tarefa ten como data de finalización o 31/07/2019, polo que se deu por finalizada esta acción na axenda 2016-17 e reformulouse como unha acción de mellora da Facultade de Ciencias para o curso 2017-2018. Nas Comisións de Título do 09/01/2018 e 15/03/2018 continuouse reflexionando sobre a modificación do plan de estudos e na Comisión de Título do 11/03/2019 acordouse non modificalo ó considerar que a formación complementase con xornadas e cursos que xa son ofrecidos ó longo destes anos na Facultade de Ciencias. Debido a isto considérase executada esta acción de mellora segundo o acordado na reunión da Comisión de Calidade de 12/03/2019.

Evidencias: actas das Comisións do GNHD de datas 23/03/2017, 09/06/2017, 09/01/2018, 15/03/2018 e 11/03/2019, acta da Comisión de Calidade de 12/03/2019.

### 2.2.3. Formulación de accións de mellora para o curso 2018-19

Unha vez executadas todas as accións de mellora da Directriz 2 relativa a Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, na reunión da Comisión de Calidade do 12/03/2019 acordouse non presentar ningunha acción de mellora nova.

## 2.3 Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante

### Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

**Estándar:** o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións ten como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:
  - admisión do alumnado (probos específicas, perfil, captación).
  - aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
  - Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación.
  - Metodoloxía de ensinanza (adaptación a necesidades específicas de aprendizaxe, mecanismos de coordinación dos procesos de ensinanza-aprendizaxe).
  - Avaliación da aprendizaxe.
  - Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.
  - Prácticas externas.
  - Mobilidade.
  - Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).
  - Resultados de aprendizaxe.
  - Indicadores de satisfacción e rendemento.
  - Suxestións e reclamacións.
  - Resultado da análise realizado de todas as accións desenvolvidas sobre a garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

### 2.3.1. Actuacións máis relevantes. Análise do funcionamento dos procesos e da evolución dos indicadores de calidade.

#### Admisión do alumnado. Evolución da matrícula

Na seguinte táboa sinálase a evolución dos indicadores relacionados coa revisión da oferta académica e de matrícula global no centro nos tres últimos cursos académicos.

Como pode apreciarse no indicador de prazas ofertadas (IN01C-PC-05), durante o curso 2015-16 houbo un descenso de 30 derivado da diminución de oferta de prazas no GEPQI de 80 a 50 prazas. Por iso, unha das modificacións levadas a cabo no Plan de Estudos do GEPQI foi a revisión da oferta académica para adecuala á demanda real. No GNHD e no MPRLeSM, mantívose a oferta tal e como se recolle nas memorias verificadas dos respectivos títulos. No curso 2017-18 as prazas ofertadas aumentaron notablemente debido á implantación do MINSTA do que se ofertaron 25 novas prazas.

En canto a evolución dos indicadores de matrícula (IN03C-PC-05, IN04C-PC-05 e IN05C-PC-05) cabe destacar a evolución positiva dos mesmos de xeito global. E cun maior aumento neste último curso debido ó incremento de alumnos do novo máster ofertado no centro. Dentro dos indicadores de matrícula está o IN02C-PC-05, que amosa as variacións na matrícula de novo ingreso por preinscrición en relación co curso académico anterior, o valor global para a Facultade neste curso é de -14.53 (-21 para GEPQI e -3 para GNHD) tendo un valor en alza entre 2 e 7,34 nos tres cursos anteriores. A gran baixada deste curso creemos que pode ser debida en gran parte á descoordinación nos períodos de preinscrición e

matrícula na Universidade, dado que cando finaliza o chamamento a matrícula ao alumnado na lista de espera, se quedan prazas vacantes, non hai posibilidade de seguir ofertando prazas para que alumnado interesado poda matricularse. Este chamamento a matrícula do alumnado da lista de agarda debería ser máis elevado nas titulacións de grao.

Non obstante unha análise mais polo miúdo, desenvolvida para cada unha das titulacións e que se amosa na páxina seguinte, fainos mostrar un certo grado de satisfacción coas actuacións desenvolvidas pola Facultade nos últimos cursos académicos para tratar de mellorar estes resultados, sobre todo os de matrícula de novo ingreso por preinscrición acadados polo GEPQI nestes anos de 24-33-45-24. A variación deste indicador IN04C-PC-05 no GNHD mantense (56-57-58-55).

No caso do MPRLSM (22-19-14-21) practicamente volveu a completar todas as prazas ofertadas despois dun leve descenso no curso 2016-17. Polo tanto, o seguimento realizado, unido ás actividades de difusión do título neste curso (Acción de Mellora **AMF1718-4**) deu os seus froitos, incrementando a matrícula por encima de 20, valor mínimo esixido polo SUG.

Código	Descrición	Curso (2014-15)	Curso (2015-16)	Curso (2016-17)	Curso (2017-18)
IN01C-PC-05	Prazas ofertadas	162	132	132	157
IN02C-PC-05	Matrícula	333	352	359	377
IN03C-PC-05	Matrícula de acceso	111	115	119	122
IN04C-PC-05	Matrícula de novo ingreso por preinscrición	102	109	117	119
IN05C-PC-05	Variación da matrícula de novo ingreso por preinscrición	2	6,86	7,34	-14,53
IN06C-PC-05	Nota media de acceso por preinscrición	7,38	7,66	7,88	8,09
IN07C-PC-05	Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis	89,22	93,46	86,84	92,66
IN08C-PC-05	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados	0,3	0,85	0,28	1,33
IN09C-PC-05	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	7,51	9,38	11,70	10,62
IN10C-PC-05	Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (Grao)	36,43	45,45	52,73	42,73
IN12C-PC-05	Taxa de ocupación	62,96	82,58	88,64	75,8
IN14C-PC-05	Relación entre o número de matriculados en másteres dun centro e o número de egresados dese centro	1,41	0,90	0,76	1,23

Cabe destacar tamén o aumento da nota media de acceso por preinscrición tanto no GNHD, GEPQI como no MPRL, sendo 6,92 no MINSTA no curso da súa implantación (GEPQI: de 6,91-7,19-7,16-7,39; GNHD: 7,92-8,20-8,76-9,29; MPRLSM: 6,54-6,8-6,71-6,86; MINSTA:6,92). Do mesmo xeito tamén se aprecia un gran aumento na porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados debido ó aumento neste período do número de convenios de intercambio internacionais. Por outra banda tamén cabe destacar o mantemento da porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados sobre todo no caso do GNHD(11,67-13,59-17,48,-16.43) e do GEPQI (2,86-2,97-4,31-3.42).

O resto dos indicadores da táboa 1 amosan tamén unha mantemento no IN110C-PC-05 e no IN12C-PC-05. O último indicador, IN14C-PC-05, alzouse moito este curso como consecuencia das 19 prazas novas xeradas polo novo máster (MINSTA).


Como xa foi indicado na directriz 2, un dos problemas aos que se enfrenta o GEPQI é a baixa matrícula de inicio de estudos, razón pola cal se ten elaborado un Plan de Viabilidade. Debido a isto e

relacionado co proceso PC-01 de captación de estudantes (Manual de Procesos de Centro), nos últimos anos, decidiuse implementar unha acción de mellora para a promoción das titulacións e captación de alumnos de ensinanza secundaria. Esta actividade formulouse inicialmente nos informes de seguimento dos graos, como acción de mellora para ser levada a cabo en cada curso académico.

Non obstante, a partir do curso 2015-16, a Comisión de Calidade tomou a decisión de asumir esta acción como acción de mellora propia do centro pasando a recollerse no Plan de Melloras que se indica no apartado 3 desta memoria de calidade. No curso 2017-18 esta acción está incorporada dentro do Plan de Captación de estudantado do centro e contéplase como o desenvolvemento da acción de Mellora (**AMF1718-4**) xa executada dentro deste curso académico.

### Evolución do número de estudantes de novo ingreso en cada titulación

#### ➤ Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais



Tal e como indican os datos reflectidos na seguinte figura, no curso 2017-2018 truncouse a evolución ascendente mantida nos anos anteriores tanto no número de estudantes que inician estudos como no total de estudantes novos.

#### *Evolución da matrícula no Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos industriais*


Aínda que se descoñecen as causas do cambio de tendencia neste derradeiro ano, tanto a Comisión do Título como a Comisión de Calidade do centro consideran que a continua publicación nos xornais de novas sobre prazas vacantes, plans de viabilidade, etc., prexudican á imaxe do título e retraen o interese dos futuros estudantes.

Indicar tamén que a porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia respecto ó total de matriculados é do 3,4%. Por outra banda, durante o curso 2017-2018 o título acolleu a 6 estudantes procedentes de programas internacionais de intercambio, o que representa mais do 5% do total de estudantes matriculados no título.


Por último, os datos da CIUG revelan que o título tivo un total de 1,4 solicitudes por cada praza ofertada, aínda que soamente foron admitidos 32 estudantes, dos que finalmente se matriculou ó 75%.

➤ **Grao en Nutrición Humana e Dietética**

Na figura da esquerda móstrase a evolución da matrícula en primeiro curso en números absolutos desde o inicio do grao, no curso 2010-11. Tendo en conta que a admisión no GNHD estaba limitada a 40 alumnos nos cursos 2010-11 e 2011-12, ampliándose a 60 alumnos a partir do curso 2012-13, é preferible expresar os datos de matrícula como taxa de ocupación, comprobándose así na figura da dereita que é moi elevada, manténdose en valores por encima do 90% practicamente desde o inicio da oferta do GNHD.




En consecuencia, o número total de estudantes matriculados no GNHD está no momento actual estabilizado en torno aos 200 (media de 50 alumnos/curso).



Este dato é moi significativo cando se compara co contexto da nosa Comunidade Autónoma, na que o número total de estudantes matriculados en grao (ou 1º e 2º ciclo) descendeu nun 28,9% durante a última década (Datos y Cifras del Sistema Universitario Español, curso 2015-2016, MECED). Esta alta demanda, por outra banda, é característica dos estudos da rama de Ciencias da Saúde, os únicos nos que a evolución de estudantes matriculados mostra unha taxa de variación positiva, duplicándose tamén (+104,4%), segundo datos do MECED, entre os cursos 2004-05 e 2014-15, incluso nun contexto de profunda crise demográfica e, nos últimos anos, tamén de crise económica.

Esta elevada demanda vese reflectida nos datos de preinscripción de novo ingreso con máis de 7 solicitudes por cada praza dispoñible (448 fronte a 60), o que implica que o GNHD, a pesar da súa curta historia, está cubrindo con éxito a demanda social de novas titulacións na área de Ciencias da Saúde complementarias á oferta tradicional na nosa Comunidade.

A evolución da taxa de abandono durante o primeiro curso é bastante irregular, con porcentaxes do 27,6% (2012-13), 15,2% (2013-14), 21,2% (2014-15), 26,4% (2015-16), 17,0% (2016-17) e 35,9% (2017-18), o que resulta nunha media do 23,9% para os seis últimos cursos.




Para poñer en contexto estas cifras, compre salientar que a nivel estatal (Datos y Cifras del Sistema Universitario Español, curso 2015-2016, MECED) a taxa de abandono no primeiro ano é dun 21,2%. No caso específico das titulacións da área de Ciencias da Saúde esta taxa redúcese a un 17,6%, dato que convén matizar xa que se acompaña dunha taxa de cambio de estudo no primeiro ano do 6,0%. Así, alomenos un 23,6% dos alumnos que en España inician estudos en titulacións da rama de Ciencias da Saúde non continúan os mesmos ou cambian de titulación. Polo tanto, entendemos que en boa parte a taxa de abandono no primeiro ano do GNHD está en consonancia co que ocorre noutras titulacións da rama de Ciencias da Saúde.

Dado que este ano dispoñemos por primeira vez dun indicador específico que recolle os cambios de titulación (no caso do GNHD os datos corresponden aos cursos 2010-11 a 2013-14), é posible confirmar este punto. Na táboa que sigue inclúense as taxas de abandono e de cambio de estudo na rama de Ciencias da Saúde para o GNHD, para o conxunto da USC, para o conxunto da comunidade autónoma, e para a totalidade do Sistema Universitario Español (SUE). Se calculamos o abandono real como a diferenza entre a taxa de abandono e a taxa de cambio de estudos, podemos comprobar que a media de abandonos reais para o GNHD nestes catro anos foi moi semellante á calculada para o conxunto de titulacións da rama de Ciencias da Saúde no SUE (11,72 vs 11,08)

Curso	GNHD		USC		CCAA		SUE		GNHD		USC		CCAA		SUE	
	Abandono	Cambio	Abandono	Cambio	Abandono	Cambio	Abandono	Cambio	Abandono real	Abandono real	Abandono real	Abandono real	Abandono real	Abandono real	Abandono real	Abandono real
2010-11	30,56	13,89	24,34	14,05	21,05	12,09	20,67	9,91	16,67	10,29	8,96	10,76	11,82	11,10	10,63	11,08
2011-12	18,92	8,11	24,36	13,78	19,72	9,82	21,84	10,02	10,81	10,58	9,90	11,82	11,10	10,63	11,08	11,08
2012-13	20,69	13,79	21,27	11,56	20,23	10,20	21,02	9,92	9,92	9,71	10,03	11,10	11,10	10,63	11,08	11,08
2013-14	26,56	14,06	18,55	11,80	17,73	9,81	20,08	9,45	12,50	6,75	7,92	10,63	11,08	11,08	11,08	11,08
2014-15																
2015-16																
2016-17																
<b>MEDIA</b>	<b>24,18</b>	<b>12,46</b>	<b>22,13</b>	<b>12,80</b>	<b>19,68</b>	<b>10,48</b>	<b>20,90</b>	<b>9,83</b>	<b>11,72</b>	<b>9,33</b>	<b>9,20</b>	<b>11,08</b>	<b>11,08</b>	<b>11,08</b>	<b>11,08</b>	<b>11,08</b>

Con independencia disto, cómpre facer unha reflexión pausada sobre as causas deste abandono no caso concreto do GNHD. Por exemplo, vense detectando desde cursos anteriores que un certo número de estudantes, tras cursar o primeiro ano do grao en Nutrición Humana e Dietética, decidiron continuar estudos noutras titulacións da área de Ciencias da Saúde. O sistema permite que os estudantes poidan rectificar a súa decisión e cambiar de grao para adecualo ás súas preferencias, pero en ocasións empregan esta titulación intencionadamente como “ponte” ou “pasarela” cara a outras titulacións (fisioterapia, medicina) nas que a nota de corte é superior, e ás que non poderían acceder directamente coa súa nota de entrada na universidade. Este uso, lícito por outra banda, ten efectos negativos desde diversos puntos de vista. En primeiro lugar, a oferta de prazas do grao está limitada a 60; o feito de que en parte se poidan cubrir con estudantes que non teñen máis intención que cursar o primeiro ano e despois abandonalo impide que outros posibles alumnos con auténtica vocación por estes estudos poidan ter a opción de inicialos, especialmente se temos en conta que o número total de solicitudes (448) foi de novo máis de 7 veces superior ao número de prazas ofertadas. En segundo lugar, inflúe negativamente na valoración do grao e o seu desenvolvemento, dando a impresión de que algo non está funcionando

adecuadamente. Tamén, nalgúns casos, estudantes que non conseguiron a nota necesaria para acceder a outras titulacións de Ciencias da Saúde acaban matriculándose neste grao, pero carecen da motivación suficiente para continuar os estudos.



De feito, se se analiza a preferencia expresada polos alumnos matriculados nesta titulación durante o curso 2016-17 pódese corroborar parcialmente esta interpretación: para un 12,4% dos alumnos matriculados nese curso, o GNHD estaba situado no posto 5 ou por debaixo no seu orde de preferencias. É de supoñer que este subconxunto de estudantes inicia os seus estudos cunha motivación aparentemente insuficiente e, de feito, esa baixa motivación podería estar detrás da elevada taxa de abandono no primeiro ano que se rexistrou no curso 2017-18. Dado que no curso 2017-18 a porcentaxe de alumnos matriculados con preferencia 5 ou menos resulta ser sensiblemente inferior (5,7%), se esta interpretación é correcta, é de esperar que a taxa de abandono tras o primeiro ano sexa significativamente inferior no vindeiro curso 2018-19.

### ➤ Máster en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental


Indicador	Definición	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
IN02M-PC-05	Matrícula	48	45	37	34
IN03M-PC-05	Matrícula de novo ingreso	22	19	14	21
IN04M-PC-05	Matrícula de inicio de estudos	22	19	14	21
IN05M-PC-05	Variación da matrícula de inicio de estudos	-12	-13,64	-26,32	50
IN06M-PC-05	Nota media de acceso por preinscrición	6,54	6,8	6,71	6,86
IN07M-PC-05	Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis	95,45	94,74	85,71	90
IN08M-PC-05	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados	0	0	0	2,94

Á vista dos datos relativos a evolución da matrícula do máster nos últimos catro cursos académicos que se reflicten na táboa anterior, a Comisión Académica do título e a Comisión de Calidade do centro realiza as seguintes consideracións:

- O número de prazas (IN01M-PC-05) é de 22 a partir do ano 2012-2013, o que se considera unha subministración adecuada tendo en conta os recursos humanos e materiais dispoñibles para o MPRL e SM. Con todo, en certas ocasións, a pesar dos elevados números de preinscrición (2 preinscritos por praza ofertada, ou máis), finalmente a inscrición atinxe valores por baixo de 22. Isto é debido á reserva de prazas para estudantes estranxeiros que se mantén ata ben entrado o curso, e que si finalmente non se adxudican definitivamente, a cobertura da potencial praza vacante é imposible de realizar polo xa avanzado do curso. Polo tanto, durante 2015-16 solicitouse a ampliación de oferta de prazas ata 25, de xeito que mesmo se tales incidentes de matrícula se produciran, o número final de alumnos puidese superar o número "máximo" de vinte establecido polas autoridades autonómicas como o mínimo recomendable. A pesares da solicitude feita pola USC, esta non foi aprobada pola Xunta de Galicia, mantendo o número de prazas dispoñibles en 22.




- A matriculación total nos últimos anos sufriu un descenso desde o rango de 43-48 alumnos (IN02M-PC-05), a números preto de 35 alumnos, derivada da baixada de inscrición de novo ingreso IN03M-PC-05 experimentada en anos anteriores, e de inicio de estudos IN04M-PC-05 (que alcanzou só o valor de 19 e 14 alumnos nos dous cursos precedentes).



*Diagrama de barras para o indicador IN04M-PC-05, Matricula de novo ingreso por preinscrición, 2012 a 2018.*

- No curso actual, a entrada de novos alumnos tense recuperado no curso de referencia ata valores superiores a 20 (IN04M-PC-05 = 21), polo que sería de esperar que en cursos sucesivos se puidera volver a alcanzar cifras de total de estudantes da titulación superiores a 40, na liña dos cursos 2014-15, 2015-16 e anteriores. Este dato de incremento de nova matriculación debe explicarse, por unha parte grazas ás accións de mellora de difusión da oferta do MPRL e SM no Campus Terra e noutros centros do SUG potencialmente relacionados (AMMPRL-2), levadas a cabo ata o mes de xullo de 2017, e que parece foron efectivas. Por outra banda, a información manexada polos potenciais alumnos de que a oferta do MPRL e SM podería decaer do catálogo de títulos da USC, con seguridade animou a matrícula ante a expectativa de que este curso fose o derradeiro no que fose posible levar a cabo estes estudos no Campus Terra, e cunha planificación académica semipresencial, que o fixera compatible con un desenvolvemento laboral simultáneo.



*Diagramas de barras para o indicador IN12M-PC-05, Taxa de ocupación, 2011 a 2017.*

- Estes feitos relatados supoñen un cambio claro na tendencia descendente nos cursos anteriores con respecto á variación de matrícula de novo ingreso (sempre con oferta de 22 prazas). As taxas de descenso reflexadas no indicador de variación de matrícula de inicio de estudos (IN05M-PC-05) de cursos precedentes do -12,0% ao -26,3% no período 2014-17, viran de xeito radical ata un incremento do 50%. Esta situación pode comprobarse tamén coa evolución do indicador IN12M-PC-05, de taxa de ocupación, no rango de 63,6-100% nos anos 2014-17, ata o valor do presente curso que alcanza o 95,45%. Estes feitos mostran unha evidente tendencia á recuperación da matrícula en contraposición aos últimos anos precedentes. Esta situación que parece un cambio de tendencia claro, debe seguirse con atención nos próximos cursos, aprofundando na acción de mellora de difusión emprendida durante o curso 2016-17.
- A nota media de acceso foi no último curso de 6,86 (Indicador IN06M-PC-05), e permanece practicamente invariable con respecto á do curso anterior (6,71), cunha lixeira tendencia alcista. Non obstante a porcentaxe de alumnos admitidos cunha nota de acceso superior a seis (IN07M-PC-05) incrementouse desde o 85,7%, a un valor para o curso avaliado do 90%. Isto parece estar en conexión co dato indicado polo profesorado que á pregunta de “O nivel co que chega o alumnado (coñecementos e habilidades) é suficiente para afrontarse aos contidos da materia?” responde con un 3,62 (sobre un máximo de 5) na enquisa USC. O que supón un axeitado nivel do alumnado de ingreso.




Diagrama de barras para o indicador IN06/M-PC-05, Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis, 2012 a 2018.

- A porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados (IN08M-PC-05 = 2.94% no curso obxecto de estudio) é nulo ou moi baixo (nunca superior ao 3%, o que supón como máximo un alumno estranxeiro por curso académico). Non se esperan grandes variacións neste indicador, xa que a captación de alumnado foráneo é moi dificultosa debido as seguintes causas:
  - Dificultade de conseguir financiación vía bolsas nos seus países de orixe, para un prezo completo da matrícula (arredor de 6000 euros, fronte a 2700 para o alumnado español ou comunitario).
  - Lexislación diferente de PRL nos seus países de orixe.
  - Carácter semipresencial da docencia.
- A porcentaxe de estudantes de fóra de Galicia sobre matriculados (IN09M-PC-05) é nula. A totalidade dos alumnos do máster son galegos alcanzando o 100% do total. Dentro de Galicia, as provincias de Lugo e A Coruña son absolutamente maioritarias supoñendo o 70,5% e 17,6%, respectivamente, do total de alumnos. Isto hai que interpretalo en termos de proximidade xeográfica no primeiro caso e excelente comunicación viaria no segundo. O resto do alumnado o compoñen persoas de outras provincias galegas (1 alumno de Ourense, 2,94%; e tres de Pontevedra, 8,82%). Este perfil xeográfico de ingreso vense repetindo ao longo dos últimos anos, e está relacionado con outras ofertas de máster semellantes existentes noutras zonas xeográficas de Galicia (Coruña e Vigo), e das comunidades veciñas de Asturias e León (véxase o informe de procedencia xeográfica 4311782\_INF.16\_2016-2017.pdf).

➤ **Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridades e Tecnoloxías Alimentarias**

Indicador	Descrición	2017-18
IN02M-PC-05	Matrícula total	25
IN03M-PC-05	Matrícula de novo ingreso	19
IN04M-PC-05	Matrícula de inicio de estudos	19
IN05M-PC-05	Variación da matrícula de inicio	--
IN06M-PC-05	Nota media de acceso por preinscripción	6,92
IN07M-PC-05	% estudantes que acceden con nota $\geq$ 6	93,75

Considerando que é o primeiro curso que se imparte este máster na Facultade de Ciencias, os indicadores considéranse axeitados. A porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados (IN08M-PC-05) é de 5,26%.

### Plan de captación de estudantes.

Durante o procedemento de Certificación de implantación do SGC do centro no curso 2016-17, a Comisión Externa de Avaliación indicou a falta dalgunhas evidencias documentais. Entre esas evidencias figuraba un Plan de Captación de alumnado. Dado que as accións relativas a este aspecto xa se estaban realizando na Facultade en cada curso académico, pero non se atopaban reflectidas como documentación do SGC, a Comisión de Calidade propuxo a elaboración desta evidencia como acción de mellora **AMF1718-4**, que se recolle no Plan de Melloras do centro para o curso 2017-18 e que debe incluír unha actividade de promoción das titulacións do centro como parte das accións desenvolvidas no plan.

O Plan de Captación de Estudantes ten como obxectivo a captación de alumnado mediante unha campaña de promoción e divulgación dos graos e mestrados que se imparten na Facultade de Ciencias acordes co perfil definido e a oferta de prazas de cada titulación. Este plan de captación foi implantado no curso 2017-18 de acordo coa Acción de Mellora **AMF1718-4** e o proceso PC-01, *Análise do perfil de ingreso e captación*, do Manual de Procesos del Centro.

### Mecanismos de coordinación dos procesos de ensinanza-aprendizaxe

Como xa foi indicado na directriz 2, durante o curso 2017-18, as comisións de título, supervisadas pola Comisión de Calidade do centro, levaron a cabo o seguimento do desenvolvemento dos programas formativos. Un dos aspectos máis importantes deste seguimento foi a supervisión dos contidos, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación que figuran nas guías docentes das materias de acordo coas memorias dos títulos. Neste senso, os coordinadores de módulo, curso e título desenvolven un traballo continuo ao longo do curso académico que periodicamente deixan reflectido en forma de informes de coordinación anexos as actas das Comisións de título. Nestes informes reflíctense todos aqueles aspectos que deben ser obxecto de análise por parte da comisión e/ou problemas aos que se lle debe dar unha solución para garantir a normal desenvolvemento do programa formativo.

### Plan de Acción Titorial

Durante o procedemento de Certificación de implantación do SGC do centro, a Comisión Externa de Avaliación indicou a falta dalgunhas evidencias documentais. Entre esas evidencias figuraba un Plan de Acción Titorial que contemplase as accións e actividades destinadas a orientar ao alumno tanto dende o punto de vista académico como profesional. Dado que as accións relativas a estes aspectos xa se estaban realizando na Facultade en cada curso académico, pero non se atopaban reflectidas como documentación do SGC a Comisión de Calidade propuxo a elaboración desta evidencia como acción de mellora **AMF1718-5**, que se recolle no Plan de Melloras do centro para o curso 2017-18.

O Plan de Acción Titorial (titorización, orientación, formación), debe contemplar as actividades que se van a levar a cabo para acoller, orientar e tutelar ao alumnado dende a súa incorporación á Facultade e durante todo o período de estudos coa finalidade de favorecer a aprendizaxe o desenvolvemento do estudante e a orientación ao mercado laboral.

O Plan de Acción Titorial foi implantado no curso 2017-18 de acordo coa Acción de Mellora **AMF1718-5** e o proceso PC-03, *Apoio a estudantes*, do Manual de Procesos do Centro.

## Avaliación da docencia

Polo que respecta a satisfacción do alumnado coa docencia recibida, no caso do MPRLSM obsérvase un importante aumento na participación dos estudantes mentres que nos graos apreciase un lixeiro descenso (4,2 a 4,03).

Por outra banda, debemos sinalar que no MPRLSM a taxa de resposta nunca superou valores en torno ao 30%. Debido a isto, a titulación realiza enquisas propias cunha elevada taxa de participación con resultados mostrados nos apartados seguintes.

En canto á satisfacción do profesorado coa docencia impartida as porcentaxes de participación sofren lixeiras variacións que no caso do GEPQI (60,3%) atópase entre os valores de cursos anteriores do mesmo xeito que no caso do GNHD (61,7%).

Os resultados das análises das enquisas de avaliación da docencia analízanse a continuación para cada unha das titulacións do centro.

## Análise das enquisas de avaliación da docencia

### ➤ Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais

#### A) Satisfacción do alumnado coa docencia recibida:

Nesta cuestión, e tal como revelan os datos da táboa seguinte, o título continua a ter unha alta taxa de resposta (IN48-PM-02), e que no curso en cuestión foi do 39,7%,

Na mesma táboa podemos apreciar que o título mantén case invariable a valoración que recibe por parte dos seus estudantes, tanto no referente ó valor medio global como a cada un dos ítems avaliados.

Informe sobre indicador IN46-S01-PM-01	12-13	13-14	14-15	15-16	16-17	17-18
Explica la programación de la materia y los criterios de evaluación al comienzo de su actividad docente	4,09	4,11	4,31	4,26	4,00	4,16
Cumple con el programa y el plan de trabajo previsto	3,99	4,20	4,18	4,10	4,14	4,22
El material de apoyo me resulta útil para la preparación de la materia	3,67	3,63	3,74	3,83	3,73	3,57
Los recursos didácticos empleados refuerzan la comprensión de la materia	3,66	3,67	3,67	3,75	3,70	3,53
Motiva la participación crítica y activa de los estudiantes	3,71	3,77	3,49	3,73	3,62	3,49
Favorece que desarrolle mi capacidad de transmitir información, ideas, problemas y soluciones	3,56	3,45	3,44	3,60	3,49	3,33
Propone actividades para favorecer mi aprendizaje autónomo	3,70	3,72	3,76	3,77	3,82	3,63
Organiza bien las clases y explica con claridad facilitando la comprensión de la materia	3,61	3,53	3,53	3,58	3,59	3,49
Resuelve las dudas que se le formulan	3,89	4,04	3,90	3,97	3,99	3,95
Consigue hacerme ver la relevancia de la materia y su interés para mi formación	3,77	3,70	3,67	3,67	3,61	3,53
Considero que hay coordinación entre los distintos profesores de la materia	3,70	3,34	4,24	3,60	3,54	3,92
Tiene una actitud receptiva que facilita la comunicación con los estudiantes	3,74	3,85	3,86	3,83	3,95	3,82
La ayuda recibida en las tutorías me fué de utilidad	3,82	3,92	3,72	3,67	3,71	3,81
Globalmente estoy satisfecho con el profesor de la materia	3,83	3,78	3,77	3,73	3,72	3,58
<b>Valor medio del título</b>	<b>3,77</b>	<b>3,77</b>	<b>3,81</b>	<b>3,79</b>	<b>3,76</b>	<b>3,72</b>

#### B) Satisfacción do profesorado coa docencia impartida:

Cunha taxa de participación nas enquisas do 60,3%, os datos reflectidos na seguinte táboa revelan que a percepción do profesorado respecto á docencia que imparte se mantén.

Posiblemente o dato máis importante desta enquisa sexa o relativo á diminución do interese que manifesta o persoal docente por recibir formación para a mellora da docencia, sen dúbida debido a elevada participación nos anos anteriores nos cursos organizados pola USC e á falta de cursos específicos para a docencia nas enxeñarías.


Informe sobre indicador IN47-S01-PM-01	12-13	13-14	14-15	15-16	16-17	17-18
El nivel con el que llega el alumno es suficiente para enfrentarse a los contenidos de la materia	3,17	2,91	3,12	2,96	3,00	2,94
Los estudiantes participan crítica y activamente en el desarrollo de las clases	3,17	3,31	3,29	3,18	3,07	3,10
Conozco el nivel de comprensión de los alumnos	4,17	4,00	4,08	3,98	3,98	4,13
Los estudiantes muestran una actitud de interés cara a la materia	3,50	3,50	3,65	3,51	3,42	3,25
Estoy satisfecho con la relación creada con el alumnado en las clases y tutorías	3,50	4,00	4,08	4,04	4,00	3,90
Globalmente estoy satisfecho con el trabajo realizado po el alumnado	3,50	3,38	3,71	3,53	3,58	3,40
La coordinación entre las distintas materias y/o niveles del título fue adecuada	4,17	3,52	4,25	4,02	4,23	4,23
La coordinación entre los distintos profesores de la materia fue efectiva	5,00	4,59	4,74	4,66	4,74	4,66
El material y servicios de apoyo a la docencia existentes en la universidad son adecuados	4,17	3,94	4,27	4,16	4,27	4,25
En el centro cuento con los recursos necesarios para la docencia	4,00	3,97	4,27	4,29	4,24	4,40
Interesados en recibir formación para la mejora de la docencia en nuevas tecnologías (%)	16,7	78,1	86,0	81,8	80,0	41,0
Interesados en recibir formación para la mejora de la docencia en apoyo didáctico y pedagógico (%)	16,7	62,5	85,7	81,8	73,3	38,0
<b>Valor medio del título</b>	<b>3,84</b>	<b>3,71</b>	<b>3,95</b>	<b>3,83</b>	<b>3,85</b>	<b>3,83</b>

➤ **Grao en Nutrición Humana e Dietética**

**A) Satisfacción do alumnado coa docencia recibida:**

A taxa de resposta a esta enquisa foi do 41,47%, a máis elevada da serie histórica para o GNHD, e case 10 puntos porcentuais superior ás porcentaxes obtidas para o conxunto dos graos impartidos na USC (31,67% para o último curso dispoñible, 2014-15). A satisfacción media, segundo os datos proporcionados pola Area de Calidade da USC foi de 3,77, similar á obtida para o conxunto da USC (3,81 no curso 2014-15) e a súa evolución desde o curso 2011-12 ata o curso 2017-18 represéntase na gráfica adxunta.

Satisfacción do alumnado coa docencia recibida	11-12	12-13	13-14	14-15	15-16	16-17	17-18
Explica a programación da materia e os criterios de avaliación ao comezo da súa actividade docente.	4,02	3,74	3,97	3,98	4,09	3,96	4,14
Cumpre co programa e o plan de traballo previsto.	4,13	3,82	4,02	4,17	4,22	4,09	4,19
O material de apoio resúltame útil para a preparación da materia.	3,74	3,40	3,69	3,64	3,74	3,51	3,70
Os recursos didácticos empregados reforzan a comprensión da materia.	3,63	3,31	3,65	3,65	3,77	3,46	3,67
Motiva a participación crítica e activa dos/as estudantes no desenvolvemento da clase.	3,71	3,28	3,59	3,57	3,72	3,36	3,56
Favorece que desenvolva a miña capacidade de transmitir información, ideas, problemas e solucións.	3,62	3,22	3,56	3,43	3,59	3,32	3,44
Propón actividades para favorecer a miña aprendizaxe autónoma.	3,70	3,28	3,54	3,64	3,71	3,55	3,56
Organiza ben as clases e explica con claridade facilitando a comprensión da materia.	3,63	3,26	3,63	3,56	3,76	3,50	3,70
Resolve as dúbidas que se lle formulan.	4,04	3,59	3,93	3,98	4,07	3,83	4,02
Consegue facerme ver a relevancia desta materia e o seu interese para a miña formación.	3,72	3,31	3,66	3,62	3,85	3,62	3,68
Considero que hai coordinación entre os/as distintos/as profesores/as da materia.	3,96	3,47	3,77	3,63	3,64	3,51	3,69
Ten unha actitude receptiva que facilita a comunicación cos/coas estudantes.	3,96	3,56	3,82	3,80	3,92	3,70	3,86
A axuda recibida nas titorías foime de utilidade.	3,83	3,36	3,67	3,84	3,93	3,65	3,76
Globalmente estou satisfeito/a co/coa profesor/a da materia.	3,83	3,46	3,75	3,75	3,83	3,61	3,78
<b>Valor medio (GNHD)</b>	<b>3,82</b>	<b>3,43</b>	<b>3,73</b>	<b>3,73</b>	<b>3,85</b>	<b>3,62</b>	<b>3,77</b>
<b>Porcentaxe de participación (GNHD)</b>	<b>39,39</b>	<b>48,31</b>	<b>31,52</b>	<b>31,34</b>	<b>33,19</b>	<b>32,27</b>	<b>41,47</b>
<b>Valor medio na universidade (estudos de grao)</b>	<b>3,70</b>	<b>3,70</b>	<b>3,78</b>	<b>3,81</b>	-	-	-
<b>Porcentaxe de participación (Universidade)</b>	<b>36,94</b>	<b>34,27</b>	<b>28,42</b>	<b>31,67</b>	-	-	-




Tal e como revelan os datos anteriores, a valoración do título por parte dos estudantes mostra unha tendencia estabilizada en valores elevados, tanto no referente ó valor medio global como a cada un dos ítems avaliados, particularmente evidente nos dous primeiros ítems.

**B) Satisfacción do profesorado coa docencia impartida:**

Cunha taxa de participación nas enquisas do 61,7%, os datos correspondentes ao curso 2017-18 (3,90) son similares, aínda que lixeiramente superiores, aos do conxunto das ensinanzas de grao da USC para o único dato de que dispoñemos (3,76 para o curso 2013-14). Cómpre salientar o dato de que esta enquisa detecta a existencia de diferenzas relativamente importantes entre as sucesivas promocións de alumnos.

Satisfacción do profesorado coa docencia impartida	12-13	13-14	14-15	15-16	16-17	17-18
O nivel co que chega o alumnado (coñecementos e habilidades) é suficiente para afrontar os contidos da materia	3,50	2,96	3,22	3,40	3,16	3,22
As/os estudantes participan crítica e activamente no desenvolvemento das clases	4,33	3,54	3,51	3,60	3,45	3,31
Coñezo o nivel de comprensión dos/as alumnos/as	4,17	3,75	3,95	4,09	3,84	4,16
As/os estudantes amosan unha actitude de interese cara á materia que imparto	4,25	3,54	3,92	3,87	3,78	3,63
Estou satisfeito/a coa relación creada co alumnado nas clases e titorías	4,42	3,42	4,15	4,11	4,02	4,02
Globalmente estou satisfeito/a co traballo realizado polo alumnado nas miñas clases	4,17	3,38	3,83	3,93	3,73	3,61
A coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título foi adecuada	3,42	3,78	3,84	4,00	3,90	3,86
A coordinación entre os/as distintos/as profesores/as da materia foi efectiva	4,55	4,56	4,83	4,73	4,91	4,45
O material e servizos de apoio á docencia existentes na Universidade son axeitados para o desenvolvemento da materia	4,08	4,13	4,34	4,31	4,43	4,37
No centro, conto cos recursos necesarios (soportes multimedia, TICs, aulas e/ou laboratorios...) para a docencia	4,00	4,33	4,36	4,44	4,31	4,34
Estou interesado/a en recibir formación de apoio para a mellora da docencia relativa ás novas tecnoloxías aplicadas á docencia		22,0%	43,0%	45,0%	43,0%	46,0%
Estou interesado/a en recibir formación de apoio para a mellora da docencia relativa ao apoio didáctico e pedagóxico xeral		20,0%	56,0%	44,0%	39,0%	47,0%
<b>Valoración media (GNHD)</b>	<b>4,09</b>	<b>3,74</b>	<b>4,00</b>	<b>4,05</b>	<b>3,95</b>	<b>3,90</b>
<b>Porcentaxe de participación (GNHD)</b>	<b>17,1%</b>	<b>26,5%</b>	<b>70,5%</b>	<b>61,2%</b>	<b>56,9%</b>	<b>61,7%</b>
<b>Valoración media (Universidade)</b>	-	<b>3,76</b>	-	-	-	-
<b>Porcentaxe de participación (Universidade)</b>	-	-	-	-	-	-



➤ **Máster en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental**

É preciso indicar que, derivado da tipoloxía particular do alumnado do MPRL e SM (moito alumnado que compatibiliza traballo e máster), e do calendario académico semipresencial (actividades docentes en fin de semana) as taxas de respostas ás enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida realizada pola USC foi sempre moi pequena. A pesares dos esforzos realizados a taxa de resposta nunca superou valores en torno ao 30%. Este feito hai que enmarcalo na tendencia xeral de baixa taxa de resposta por parte do alumnado (que indica que non ve “consecuencias” derivadas da valoracións acadadas polo profesorado), pero no presente caso, sobre todo ao feito de que o máster realiza enquisas propias, de forma individualizada para cada profesor e para cada sesión. O alumnado valora de forma inmediata a labor do profesor nunha enquisa sinxela e rápida de facer, levada a cabo en todas as sesións do MPRL e SM. Tense conseguido así unha valoración da satisfacción coa actividade docente baseada en taxas de resposta moito máis elevadas e polo tanto significativas, en torno ao 90%, o que redundo nunha estimación mellor e máis fiable da satisfacción do alumnado e profesorado.

Na presente análise, por tanto, preséntanse os resultados de ambas enquisas:

- 1) Resultados das enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida, levadas a cabo pola USC (2017-18).
- 2) Resultados das enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida, levadas a cabo polo propio MPRL e SM (2017-18).

**1) Resultados das enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida, levadas a cabo pola USC 2017-18**

**Informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida**

Curso académico	2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017	2017/2018
<b>Pregunta</b>	<b>Media</b>	<b>Media</b>	<b>Media</b>	<b>Media</b>	<b>Media</b>
Explica a programación da materia e os criterios de avaliación ao comezo da súa actividade docente	4.38	4.15	4.47	4.24	4.10
Cumpre co programa e o plan de traballo previsto	4.29	4.10	4.39	4.35	4.14
O material de apoio (bibliografía, textos, exercicios, manuais de prácticas,...) resúltame útil para a preparación da materia	4.17	4.04	4.56	4.25	3.86
Os recursos didácticos empregados reforzan a comprensión da materia (soportes multimedia, aula virtual, TICs, encerado, actividades prácticas e complementarias, guía docente, mapas conceptuais, esquemas, cadros, fotocopias, materiais de laboratorio,...)	3.92	3.98	4.38	4.27	4.00
Motiva a participación crítica e activa dos/as estudantes no desenvolvemento da clase	4.08	3.89	4.45	4.21	3.86
Favorece que desenvolva a miña capacidade de transmitir información, ideas, problemas e solucións nesta materia	4.00	3.78	4.50	4.22	3.80
Propón actividades para favorecer a miña aprendizaxe autónoma (a procura de información complementaria, a realización de traballos,...)	4.00	3.80	4.59	4.17	4.10
Organiza ben as clases e explica con claridade facilitando a comprensión da materia	4.26	3.86	4.38	4.29	4.05
Resolve as dúbidas que se lle formulan (clase, titorías, aula virtual, correo electrónico,...)	4.46	3.93	4.56	4.31	4.14
Consegue facerme ver a relevancia desta materia e o seu interese para a miña formación	4.04	3.99	4.38	4.19	4.00
Considero que hai coordinación entre os/as distintos/as profesores/as da materia (responde soamente se tes máis de un/unha profesor/a nesta materia)	3.77	3.19	4.00	3.34	3.81
Ten unha actitude receptiva que facilita a comunicación cos/coas estudantes	4.38	3.96	4.63	4.27	4.38
A axuda recibida nas titorías foime de utilidade (responde unicamente se as empregaches)	3.57	4.21	4.54	4.19	4.25
Globalmente estou satisfeito/a co/coa profesor/a da materia	4.33	3.94	4.59	4.28	4.10
<b>Curso académico</b>	<b>2013/2014</b>	<b>2014/2015</b>	<b>2015/2016</b>	<b>2016/2017</b>	<b>2017/2018</b>
Valoración global	4.16	3.91	4.46	4.20	4.03
Participación	21.74%	21.28%	17.07%	30.3%	8.82%

**2) Resultados das enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida, levadas a cabo polo propio MPRL e SM 2017-18**

A enquisa realizada polo propio máster consiste na medida do grao de satisfacción do alumnado coa docencia recibida, valorada expresando a satisfacción global coa materia e profesor, e valorando, así mesmo, o material didáctico empregado, a presentación e medios audiovisuais utilizados, o



desenvolvemento da docencia presencial e des titorías. A valoración se realiza de 1 (mínimo de satisfacción) a 7 (máximo de satisfacción), para cada un dos epígrafes antes citados. Sen embargo, no informe presente, e con fines comparativos coa enquisa da USC, se aportan os resultados da enquisa propia do MPRL para os 4 últimos cursos académicos, ponderados a unha valoración máxima=5 (respostas de 1 a 5), igual que se fai na da USC.

**Curso 2017-18**

		Total Profesor	Mat. Didáctico	Medios Audiovis.	Docencia Presencial	Tutorías
1 curso	Media	4,05	3,98	4,04	3,98	4,23
	SD	0,31	0,25	0,38	0,34	0,35
2 curso	Media	4,24	4,26	4,24	4,22	4,24
	SD	0,41	0,27	0,22	0,36	0,52
Titulación	Media	4,12	4,08	4,11	4,07	4,24
		Valoración máxima 5. Tasa respuesta 89.4%				

**Curso 2016-17**

		Total Prof.	Mat. Didáctico	Medios Audiovis.	Docencia Presencial	Tutorías
1 curso	Media	4,18	4,11	4,06	4,14	4,25
	Desv Est	0,64	0,51	0,57	0,67	0,48
2 curso	Media	4,20	4,14	4,14	4,17	4,49
	Desv. Est.	0,30	0,31	0,31	0,35	0,36
Titulación	Media	4,19	4,12	4,10	4,15	4,37
		Valoración máxima 5 Tasa de respuesta=89,3%				

**Curso 2015-16**

		Total Prof.	material didactico	Medios Audiovis.	Docencia presencial	Tutorías
1 curso	media	4,19	4,19	4,13	4,17	4,39
	SD	0,37	0,29	0,39	0,40	0,53
2 curso	Media	3,92	3,88	3,88	3,86	3,69
	SD	0,36	0,30	0,32	0,36	1,02
Titulación		4,05	4,04	4,01	4,02	4,04
		Valoración de 0 a 5 Tasa de respuesta=90.1%				

**Curso 2014-15**

		Total Prof.	Mat. Didáctico	Medios Audiovis.	Docencia Presencial	Tutorías
1 Curso	Media	4,00	3,86	3,91	3,92	4,34
	Desv. St.	0,52	0,42	0,37	0,60	0,62
2 Curso	Media	3,71	3,67	3,68	3,64	3,64
	Desv. St.	0,32	0,30	0,33	0,35	0,47
Titulación	Media	3,91	3,80	3,84	3,83	3,92
		Valoracion máxima 5				

Á vista dos resultados de ambas enquisas, a Comisión Académica do MPRL e SM, e a Comisión de Calidade do Centro teñen considerado os seguintes aspectos:

### **Enquisa realizada pola USC**

- A pesares dos esforzos realizados, a taxa de resposta alcanzado na presente edición con respecto a cursos anteriores, diminúe claramente ata o 8,82%, (Indicador IN48M-PM-02) que se considera aínda moi baixa. Este feito parece indicar: (i) é imprescindible manter as enquisas propias como unha forma de acadar un resultado de medida da satisfacción do alumnado máis fiable; e (ii) dada a taxa de respostas das enquisas propias do máster (preto do 90%),
- A porcentaxe de resposta foi moi menor con respecto dos potenciais alumnos (30,3%). Este feito se debe a dous factores: a) á tipoloxía específica do alumnado do máster, que é un alumnado que compatibiliza traballo e estudio, e por elo realiza a actividade discente en modo semipresencial en fin de semana, polo que non comparte actividade docente co resto dos alumnos do centro, nin coñece os procedementos de avaliación habituais da USC, como o resto do alumnado, e por outra banda, b) coa realización de enquisas propias por parte do máster ao fin de cada actividade docente (de cada sesión e para cada profesor), o alumnado considera, na maior parte dos casos, que a súa opinión sobre a docencia impartida xa esta manifestada o que fai que claramente diminúa a resposta á enquisa xeral da USC.
- Debido a baixa taxa de resposta, se analizará con máis profundidade a enquisa propia que a feita pola USC, pero en calquera caso, sobre esta última compre facer as seguintes reflexións:
  - Os resultados promedio para todas as preguntas son satisfactorios con valores sempre maiores que 3,8 (sobre un máximo de 5).
  - Non se observan variacións substanciais nin tendencia evidentes con respecto a cursos anteriores.
  - A explicación da programación docente, sistema de avaliación, programa e material de apoio, ademais doutros factores son ben valorados polo alumnado, con puntuacións superiores a 4,0 sobre 5.
  - O grao de satisfacción global co profesorado das distintas materias atinxe un valor de 4,10, e a valoración global tendo en conta a totalidade de aspectos docentes e discentes resulta ser de 4,02.
  - As puntuacións máis baixa se obteñen: (1) no referente ao grao de coordinación entre profesorado da mesma materia (3,81). Si ben hai que destacar que as iniciativas destinadas á mellora da coordinación docente realizadas durante o curso anterior, favoreceron un claro aumento da valoración deste aspecto de 3,34 (2016-17) a 3,81 (2016-17). (2) No material de apoio bibliográfico (3,86), que si ben sendo semellante ao empregado en cursos precedentes, parece non ter satisfeito ao alumnado na mesma medida, aspecto este no que haberá que afondar, e (3) na capacidade do profesorado para favorecer a transmisión de información e coñecementos por parte do alumnado.

### **Enquisa realizada polo propio máster MPRL e SM**

Como pode observarse, a taxa de resposta da enquisa elaborada polo propio máster (89,4%) é moi superior á da USC polo que ten que considerarse esta de maior representatividade e verosimilitude.

- Os resultados do presente exercicio 2017-18 se consideran altamente satisfactorios (con valoracións en torno a 4 ou superiores en todos os epígrafes preguntados) e son comparables absolutamente aos do ano anterior, con lixeiras variacións.

- A diferenza da tendencia histórica habitual, en que existía unha diferente valoración entre os dous cursos do MPRL e SM, sendo en xeral a satisfacción menor para o alumnado do segundo curso (véxanse as enquisas dos últimos anos recompiladas e publicadas na páxina Web propia do máster no enlace <http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/MPRLSM8.html>), no presente curso obxecto de análise así como no curso anterior, a valoración do alumnado de segundo curso é comparable á que expresan os alumnos de primeiro curso, e incluso superior nalgúns aspectos.
- O alumnado valora positivamente ao conxunto do profesorado do máster (4,12), así como os materiais docentes e audiovisuais usados por estes (3,98 e 4,26, respectivamente), e a docencia presencial expositiva (4,11). Exprésase unha alta satisfacción coas titorías por parte do alumnado (de ambos cursos: 4,23 e 4,24), aínda que hai que constatar que a porcentaxe de alumnos que fai uso das titorías personalizadas de forma continuada está en torno ao 40%.

### **Resultados comparados de ámbalas dúas enquisas**

As dúas enquisas de satisfacción inciden sobre aspectos lixeiramente diferentes, polo que a súa comparación ítem a ítem non é posible, nin de interese. Sen embargo, o resultado de certos aspectos si pode ser comparado.

- A satisfacción global co profesorado avalíase por ambas enquisas e o resultado é absolutamente comparable (4,03 USC vs 4,12 MPRL).
- O material didáctico e medios audiovisuais tamén é valorado de forma moi semellante por ambas enquisas (3,86 USC vs 4,08 MPRL; e 4,00 USC vs 4,11 MPRL).
- As preguntas sobre o desenvolvemento da actividade docente arrojan tamén resultados similares (4,10, 4,05, 4,14 e 4,00 USC vs 4,07 MPRL), o mesmo que as titorías (4,25 USC vs 4,24 MPRL).
- Como pode verse, as diferenzas de valoración entre ámbalas dúas enquisas ronda o 5% como máximo. Os resultados concordantes reforzan a validez dos resultados obtidos que mostraron unha apropiada satisfacción de alumnado coa docencia impartida.

### **3) Enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida**

Os resultados da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida se recollen de seguido na táboa resumen para os últimos cursos académicos.

A taxa de resposta foi de preto do 30%, na liña de cursos anteriores, isto e debido a disparidade de profesorado, o propio da USC e o profesorado de Área Externa, que ao ser profesionais en exercicio, non cumprimentan a enquisa de satisfacción na mesma medida que o persoal propio da USC.

Curso académico	2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017	2017/2018
<b>Pregunta</b>	<b>Media</b>	<b>Media</b>	<b>Media</b>	<b>Media</b>	<b>Media</b>
1. O nivel co que chega o alumnado (coñecementos e habilidades) é suficiente para afrontar os contidos da materia	2.00	3.00	3.00	3.83	3.62
2. As/os estudantes participan crítica e activamente no desenvolvemento das clases	2.00	3.60	3.43	3.50	4.00
3. Coñezo o nivel de comprensión dos/as alumnos/as	4.00	4.00	4.29	4.00	4.38
4. As/os estudantes amosan unha actitude de interese cara á materia que imparto	2.50	3.70	3.86	4.17	4.29
5. Estou satisfeito/a coa relación creada co alumnado nas clases e tutorías	2.50	3.60	3.71	3.83	4.50
6. Globalmente estou satisfeita/o co traballo realizado polo alumnado nas miñas clases	2.00	3.60	3.71	3.83	4.25
7. A coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título foi adecuada	2.00	4.00	3.71	4.00	3.88
8. A coordinación entre os/as distintos/as profesores/as da materia foi efectiva (responde soamente se hai máis de un/unha profesor/a nesta materia)	1.00	4.22	3.80	4.80	4.29
9. O material e servizos de apoio á docencia existentes na Universidade (fondos bibliográficos, fondos audiovisuais, aulas virtuais, aulas de informática, espazos de traballo,...) son axeitados para o desenvolvemento da materia	1.50	3.80	3.86	4.50	4.75
10. No centro, conto cos recursos necesarios (soportes multimedia, TICs, aulas e/ou laboratorios,...) para a docencia	2.00	3.90	4.43	4.50	4.75
11. Estou interesado/a en recibir formación de apoio para a mellora da docencia relativa ás novas tecnoloxías aplicadas á docencia	2%	10%	4%	4%	7%
12. Estou interesado/a en recibir formación de apoio para a mellora da docencia relativa ao apoio didáctico e pedagóxico xeral	2%	9%	4%	2%	6%
<b>Curso académico</b>	<b>2013/2014</b>	<b>2014/2015</b>	<b>2015/2016</b>	<b>2016/2017</b>	<b>2017/2018</b>
Valoración global	2.15	3.74	3.78	4.10	4.27
Participación	22.22%	88.89%	31.82%	24.00%	28.00%

Os aspectos máis destacables da enquisa son os seguintes:

- O grao de satisfacción nos diferentes ítems é axeitado con valores maiores de 4 na meirande parte dos casos.
- O nivel con que o alumnado de novo ingreso chega ao máster é un dos valores menores (3,62) e compre subliñar que a heteroxeneidade do perfil de ingreso, con alumnado de moi diferentes titulacións e formacións, pode influír notablemente na valoración deste indicador por parte do profesorado.
- A coordinación entre materias de distintos cursos tamén arroxou un valor lixeiramente inferior a 4 (3,88), leváronse a cabo accións para mellorar esta cuestión no ano 2014, que foron efectivas, sen embargo é preciso que en diferentes partes da docencia de materias do segundo curso se comenten e repasen aspectos xa vistos no primeiro ano. Este feito xustifica este valor lixeiramente á baixa de este indicador aínda que aceptable dende o punto de vista xeral.
- É de notar tamén o baixo porcentaxe de profesorado de declara estar interesado en recibir apoio didáctico e formación en tecnoloxías de mellora docente.

➤ **Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridades e Tecnoloxías Alimentarias**

Non habendo resultados previos como consecuencia de que este curso é o primeiro no que se imparte este máster, analízase brevemente os resultados xerais:



- A taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (IN48M-PM-02) foi do 50%.
- A satisfacción do alumnado coa docencia recibida (IN46M-S01-PM-01) foi de 4,29 e do profesorado coa docencia impartida (IN47M-S01-PM-01) de 4,08. Poden considerarse valores altos.

**Resultados da aprendizaxe. Indicadores de rendemento**

Na táboa seguinte sinálase a evolución dos indicadores globais para o centro, relacionados cos resultados da aprendizaxe nos tres últimos cursos académicos (G: grao; M: máster):

Código	Descrición	Curso (2014-2015)	Curso (2015-2016)	Curso (2016-2017)	Curso (2017-2018)
IN34CG-S01-PM-01	Taxa de rendemento	76,35	71,82	74,17	73,65
IN34CM-S01-PM-01	Taxa de rendemento	98,55	96,94	95,37	96,12
IN35CG-S01-PM-01	Taxa de éxito	84,89	78,90	81,04	79,19
IN35CM-S01-PM-01	Taxa de éxito	100	100	100	100
IN36CG-S01-PM-01	Taxa de avaliación	89,94	91,03	91,52	93
IN36CM-S01-PM-01	Taxa de avaliación	98,55	96,94	95,37	96,12
IN37CG-S01-PM-01	Taxa de graduación	50,98	52,94	70,77	42,25
IN37CM-S01-PM-01	Taxa de graduación	100	80	95,45	94,44
IN38CG-S01-PM-01	Duración media dos estudos	4,33	4,26	4,60	4,42
IN38CM-S01-PM-01	Duración media dos estudos	2,05	2,10	2,24	2
IN39CG-S01-PM-01	Eficiencia dos titulados	93,33	--	--	--
IN39CM-S01-PM-01	Eficiencia dos titulados	99,65	--	--	--
IN40CG-S01-PM-01	Taxa de abandono durante o primeiro curso (Grao)	20	23,94	19,18	35,94
IN41CG-S01-PM-01	Taxa de abandono RD 1393/2007	35,29	31,37	21,54	30,99
IN41CM-S01-PM-01	Taxa de abandono RD 1393/2007	0,0	0,0	0,0	5,56
IN50CG-S01-PM-01	Taxa de éxito dos egresados	--	94,65	93,66	91,57
IN50CM-S01-PM-01	Taxa de éxito dos egresados	--	100	100	100
IN51CG-S01-PM-01	Taxa de idoneidade na graduación	--	35,29	49,23	32,39
IN53CG-S01-PM-01	Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados)	--	93,15	90,91	91,57
IN53CM-S01-PM-01	Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados)		100	98,43	100

Como pode apreciarse, a variación dos resultados non segue unha tendencia clara e común a tódalas titulacións da Facultade. A taxa de rendemento presenta unha oscilación fronte a un valor medio no caso dos graos e un lixeiro descenso no caso do máster que se pode ver nas seguintes gráficas as figuras.



O mesmo sucede para a taxa de éxito. A taxa de avaliación, mantense no máster e sube nos graos, mentres que a taxa de graduación sufriu un descenso de forma importante nos graos e se mantén nos másteres.

A Eficiencia dos titulados (IN39C-S01-PM-01) foi substituída pola taxa de eficiencia (IN53C-S01-PM-01, rendimento dos egresados) e pode observarse que aumenta lixeiramente tanto en grao como en máster. Caso contrario ocorre coa duración media dos estudos, a cal diminúe lixeiramente en ambos casos.

Respecto a taxa de abandono RD 1393, no máster increméntase ate un 5,26% con respecto a anos anteriores que presentaba valores do 0%. Isto é debido ao abandono de 1 alumno por motivos laborais (incompatibilidade co desenvolvemento do máster). No caso dos graos mantense na media dos anos anteriores. Unha completa análise sobre estes valores, a nivel de título, preséntanse na seguinte páxina, e pódese comprender cales son os factores que mais inflúen en cada un dos graos analizados. Neste senso, a Comisión do GNHD considera que esta taxa de abandono non reflicte o seu significado real e para entendela debería ir acompañada dunha taxa de cambio (% daqueles alumnos que entran en

primeiro de GNHD, debido a que non teñen a nota media para acceder aos estudos desexados e conseguen acceder a eles no segundo curso). Debido a isto, a Comisión do GNHD formulou a acción de mellora (AM-ISR-01) para solicitar á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos que subministre datos sobre a taxa de cambio (de titulación en 1º ano), tanto entre titulacións da USC como entre titulacións doutras universidades do Sistema Universitario Galego e español. Esta acción, proposta no informe de seguimento do título do curso 2015-16, foi executada durante o curso 2016-17. Este ano xa se dispuxo do indicador específico que recolle os cambios de titulación, e no caso do GNHD, foi posible confirmar ese punto.

A taxa de idoneidade da graduación (IN51CG-S01-PM-01), representa a relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou antes e a súa cohorte de ingreso. Debido a isto debe ser analizada por título e non por Centro, xa que as circunstancias particulares de cada un dos títulos de grao impartidos na Facultade (GNHD e GEPQI) condicionan os valores obtidos, así mentres para o GEPQI esta porcentaxe sofre altibaixos e está moi afectada polo tempo dedicado polo estudante á elaboración do TFG, para o GNHD o valor desta diminuíu lixeiramente e está moi influenciada pola elevada taxa de abandono do primeiro curso.

A taxa de éxito dos egresados, calculouse por primeira vez no curso 2015-16, polo que só podemos dicir que continúa a presentar un valor moi elevado nos graos e do 100% no máster.

De maneira xeral debemos destacar que os resultados a nivel de máster son moi satisfactorios. Por outra banda tamén se debe sinalar que, derivado das circunstancias particulares e das diferentes ramas de coñecemento de cada un dos títulos de grao impartidos na Facultade (GNHD e GEPQI), non é prudente facer unha análise conxunta destes indicadores de grao a nivel de Centro dado que ámbolos dous títulos presentan unhas características moi distintas.

Debido a isto, a continuación realízase unha análise detallada dos resultados obtidos para cada unha das titulacións que se imparten no centro.

## Análise dos resultados de cada título

### ➤ Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais

Na táboa seguinte amosase a evolución dos principais indicadores do título, que o centro publica todos os anos na súa Web:

[http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/ciencias/descargas/GEPQI\\_taxas.pdf](http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/ciencias/descargas/GEPQI_taxas.pdf)

#### A) Taxas de Rendemento, Éxito e Avaliación:

En canto aos valores globais do título, pódese apreciar en primeiro lugar que a taxa de avaliación, despois de parecer estabilizada en torno ó 87%, ascendeu ó 90,2%, mentres que a taxa de éxito descendeu 6,5 puntos ata situarse no 67,5%; a combinación de ambos efectos fixo que a taxa de rendemento, 60,9%, amose un dos valores máis baixos da serie histórica.

Non obstante, segundo os datos do SIIU, no conxunto das universidades públicas do estado, ó valor da taxa de rendemento nos títulos de grao é 71%, pero no ámbito das enxeñarías este valor é claramente inferior: 59%; así pois, o resultado acadado por este grao é concordante ca media nacional da súa rama.

Por outra banda, os datos do título coinciden plenamente cun dos resultados reflectidos no SIIU: o rendemento dos estudantes mellora segundo progresan nos seus estudos, é dicir, os estudantes dos cursos superiores acadan mellores resultados cos de novo ingreso, e cada cohorte mellora os seus resultados a media que avanza no título.

<b>Resultados do Título</b>	IN34-S01-PM-01 Taxa de Rendemento		55,8	62,3	69,4	64,9	67,0	60,1	64,6	60,9	
		1º	56,1	48,2	57,4	50,7	59,1	48,1	55,0	45,7	
		2º	---	83,5	65,0	67,1	68,3	55,6	61,7	48,7	
		3º	---	---	92,2	85,0	78,2	75,5	81,0	90,1	
		4º	---	---	92,9	93,2	97,4	88,3	94,5	96,7	
		curso ponte	---	---	---	---	55,2	79,2	48,1	77,8	
		IN35-S01-PM-01 Taxa de Éxito		76,0	79,2	82,4	78,4	76,9	69,0	74,0	67,5
			1º	76,4	69,0	78,0	61,3	65,3	59,2	67,7	55,4
			2º	---	91,4	71,7	75,3	74,4	59,8	65,1	52,6
			3º	---	---	94,3	93,9	91,6	82,7	85,8	91,9
			4º	---	---	100,0	95,5	100,0	98,0	99,2	100,0
			curso ponte	---	---	---	---	75,0	95,0	92,9	100,0
		IN36-S01-PM-01 Taxa de Avaliación		73,4	78,7	84,3	82,8	87,2	87,0	87,3	90,2
			1º	73,4	69,8	73,6	82,7	90,5	81,1	81,3	82,4
			2º	---	91,3	90,7	89,0	91,8	93,0	94,8	92,7
			3º	---	---	97,7	90,5	85,4	91,4	94,4	98,0
			4º	---	---	92,9	97,6	97,4	90,1	95,3	96,7
			curso ponte	---	---	---	---	73,6	83,3	51,9	77,8
		IN38-S01-PM-01 Duración media dos estudos (anos)		---	---	---	4,0	4,7	4,5	5,5	4,7
		IN39-S01-PM-01 Eficiencia dos egresados		---	---	---	95,2	92,4	---	---	---
	IN37-S01-PM-01 Taxa de Graduación		---	---	---	---	47,6	38,9	62,9	33,3	
	IN40-S01-PM-01 Taxa de Abandono		---	---	28,6	38,9	15,4	16,7	25,0	36,0	
	IN41-S01-PM-01 Taxa de Abandono RD 1393		---	---	---	---	33,3	44,4	15,4	27,8	
	IN50-S01-PM-01 Taxa de Éxito dos egresados		---	---	---	---	---	94,3	85,6	86,0	
	IN53-S01-PM-01 Rendemento dos egresados		---	---	---	---	---	92,3	78,7	86,0	
	IN51-S01-PM-01 Taxa de Idoneidade na graduación		---	---	---	---	---	16,7	53,8	11,1	

Paralelamente, nos últimos anos estanse a dar un factor a ter moi en conta: a porcentaxe de estudantes que acceden ó título procedentes das PAAU de setembro é moi elevado: 25% neste curso.

Pois ben, debido a total ausencia de coordinación entre os calendarios académicos da universidade e das probas de acceso, estes estudantes acceden ás aulas, como mínimo, cun mes de retraso, o que lles supón ter xa perdido a terceira parte das clases (incluídas algunhas prácticas) das materias do primeiro cuadrimestre. Nestas condicións, é evidente que as súas taxas de éxito e rendemento non poden ser satisfactorias e, ademais, influirán sobre os resultados que acadarán no 2º curso. Se o número de estudantes nesta situación fose baixo, o PDI podería facer un esforzo adicional baseado en titorías individuais e personalizadas, pero cunha porcentaxe tan alta este esforzo é impensable.

#### B) Taxa de abandono e taxa de cambio.

No mes de febreiro a USC informou dos estudantes de novo ingreso (5) que non se presentaron ou non superaron ningunha materia do primeiro semestre; cando dende a dirección do centro fixéronse as oportunas indagacións, resultou que 4 destes estudantes tiñan abandonado os estudos, pero continuaban matriculados, o que afecta negativamente ás tres taxas consideradas. As taxas de abandono incrementáronse respecto ó curso anterior, pero non son as máis altas da serie histórica polo que se manteñen dentro dos valores medios do título.

Neste eido, indicar que neste grao, polos datos dispoñibles, as taxas medias de cambio de estudo no 1º e 2º ano (9,3% e 3,3%) son inferiores ás correspondentes á Rama de Enxeñaría e Arquitectura da USC, do SUG e do SUE e, por exemplo, neste título esta taxa é nula no 3º ano.

Estes datos parecen revelar que unha elevada porcentaxe dos estudantes que abandonan este grao deixan definitivamente os estudos universitarios.

Evidentemente, estes son tamén os factores que marcan os valores das dúas taxas de abandono do título, que si ben a xuízo dos principais grupos de interese son demasiado elevadas, tamén se é consciente de que, mentres o actual sistema e prazos de acceso á universidade non cambie, o único que se pode facer e continuar coas campañas de divulgación e promoción do título para conseguir que o



interese polo mesmo aumente e que, así, a porcentaxe de prazas cubertas nos primeiros prazos de matrícula sexa elevada.

Por último, pódese apreciar que os últimos resultados dos estudantes do Curso Ponte son positivos xa que a maior parte destes estudantes está traballando e por tanto ten máis dificultades que un estudante “normal”.

#### C) Duración media dos estudos:

A Comisión do Título é perfectamente coñecedora de que unha porcentaxe significativa dos estudantes que teñen todas as materias superadas, e aos que tan só lles resta para rematar os estudos o Traballo Fin de Grao, retrasan en demasía a presentación do mesmo, sen que ata o momento se coñezan todas as causas deste comportamento. Non obstante, considérase que un resultado de 4,7 anos é axeitado para un título da rama de enxeñaría, máxime si se ten en conta que dito valor é inferior ó do ano anterior.

#### D) Taxas de Graduación e Idoneidade dos egresados:

As taxas de graduación (33,3%) e idoneidade (11,1%) experimentaron un notable descenso respecto ó ano anterior, a pesar de que tiveron unhas taxas elevadas de rendemento é éxito (86% nos dous casos); isto demostra o anteriormente comentado sobre a tardanza dalgúns estudantes á hora de presentar o seu traballo fin de grao.

#### ➤ Grao en Nutrición Humana e Dietética

A información sobre os principais indicadores do grao de Nutrición Humana e Dietética correspondentes ao curso 2017-18 móstrase na táboa, así como unha comparativa cos indicadores de cursos anteriores e coa última media dispoñible para o Sistema Universitario Español (Datos y Cifras del Sistema Universitario Español, Curso 2015-16, MECD; Anuario de Indicadores Universitarios, año 2015, MECD).

	2010-11	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	Media SUE
IN34G-S01-PM-01 Taxa de rendemento	75,74	75,85	83,52	82,18	80,45	77,08	79,54	80,54	77,20
IN35G-S01-PM-01 Taxa de éxito	90,94	83,68	89,88	88,42	88,26	83,05	84,74	85,23	87,40
IN36G-S01-PM-01 Taxa de avaliación	83,28	90,65	92,93	92,94	91,15	92,82	93,86	94,50	88,30
IN37G-S01-PM-01 Taxa de graduación	-	-	-	-	53,33	60,61	71,15	45,28	49,60
IN38G-S01-PM-01 Duración media dos estudos	-	-	-	4,00	4,06	4,17	4,38	4,31	4,20
IN39G-S01-PM-01 Eficiencia dos titulados	-	-	-	95,61	94,99	-	-	-	-
IN40G-S01-PM-01 Taxa de abandono durante o 1º curso (Grao)	-	-	27,59	15,15	21,15	26,42	16,98	35,90	21,20
IN41G-S01-PM-01 Taxa de abandono RD1393	-	-	-	-	36,67	24,24	23,08	32,08	32,00
IN50G-S01-PM-01 Taxa de éxito dos egresados (%)	-	-	-	-	-	94,77	95,73	94,37	-
IN51G-S01-PM-01 Taxa de idoneidade na graduación (%)	-	-	-	-	-	45,45	48,08	39,62	-
IN53G-S01-PM-01 Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados) (%)	-	-	-	-	-	93,50	94,29	94,37	-

As taxas de rendemento, de éxito e de avaliación acadan valores altos en tódolos cursos académicos, con valores semellantes ou superiores aos do conxunto do SUE. A taxa de abandono durante o primeiro curso é maior no curso 2017-18 que en cursos anteriores e que a media do ano 2015 para o SUE. Tal e como se comenta no documento de análise do criterio 1,7-11, este feito está probablemente relacionado cunha falta de motivación de parte da cohorte de estudantes que iniciaron o GNHD no curso 2016-17, no que unha porcentaxe significativa dos estudantes expresou unha baixa preferencia polo título no momento de iniciar os seus estudos. En todo caso, é de esperar que a mellora na información pública respecto ao grao e a promoción do mesmo que se leva desenvolvendo nos últimos anos contribúa a manter reducida a taxa de abandono nos vindeiros cursos.

Outros indicadores importantes relativos a este apartado son os seguintes:

	2011/12	2012/13	2013/14	2014/15	2015/16	2016/17	2017-18
IN46G-S01-PM-01 Satisfacción do alumnado coa docencia recibida	3,82	3,43	3,73	3,73	3,85	3,62	3,77
IN47G-S01-PM-01 Satisfacción do profesorado coa docencia impartida	-	4,00	3,72	3,98	4,03	3,94	3,88
IN19G-PC-09 Satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas	-	-	3,71	3,07	3,66	4,35	4,02
IN20G-PC-09 Satisfacción dos titores externos cos programas de prácticas externas	-	-	4,27	4,48	4,51	4,18	4,45
IN21G-PC-09 Satisfacción dos titores académicos cos programas de prácticas externas	-	-	4,38	4,30	4,29	4,72	4,38
IN15G-PC-08 Satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade	-	-	3,68	-	-	-	-

Os resultados das enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida e do profesorado coa docencia impartida foron xa discutidos nos apartados anteriores.

En relación co Prácticum, os resultados das enquisas de satisfacción dos estudantes, os titores externos, e os titores académicos, foron xa discutidos no documento de análise do Criterio 3,7-E10.

Respecto da satisfacción dos alumnos saíntes cos programas de mobilidade, dispoñemos só de datos para o curso 2013/14, cunha boa valoración.

Os datos da taxa de éxito desagregados por materias correspondentes aos cursos 2011-12, 2012-13, 2013-14, 2014-15, 2015-16, 2016-17 e 2017-18 recóllense na táboa seguinte:


MATERIA	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
<b>1º curso</b>							
Física para ciencias da vida	64,52	74,60	80,60	63,16	54,17	64,94	<b>59,15</b>
Química I	96,00	90,57	80,77	86,00	77,19	85,51	<b>92,98</b>
Biología humana	62,07	70,31	71,64	84,38	80,36	86,89	<b>96,30</b>
Fundamentos antropolóxicos da alimentación	70,59	91,23	85,45	84,78	76,79	84,62	<b>94,44</b>
Bioestadística	77,14	80,70	83,93	84,91	76,27	85,25	<b>87,93</b>
Química II	66,67	92,16	80,77	82,00	74,14	71,43	<b>77,42</b>
Anatomía e histoloxía humana	91,43	90,38	100,00	90,20	97,87	92,59	<b>100,00</b>
Bioquímica	90,91	96,08	95,83	96,00	89,29	94,55	<b>98,00</b>
Fisioloxía humana II	84,85	87,04	36,54	83,78	55,56	55,56	<b>66,23</b>
Fixioloxía humana I	63,89	92,19	62,26	75,00	70,00	75,38	<b>59,68</b>
<b>Media</b>	<b>76,81</b>	<b>86,53</b>	<b>77,78</b>	<b>83,02</b>	<b>75,16</b>	<b>79,67</b>	<b>83,21</b>
<b>2º curso</b>							
Bromatoloxía I	95,65	83,33	91,84	77,27	67,92	84,31	<b>84,91</b>
Tecnoloxía do procesado de alimentos	100,00	95,83	97,87	95,65	95,24	92,68	<b>88,24</b>
Microbioloxía e parasitoloxía	95,45	100,00	100,00	93,02	93,33	90,24	<b>100,00</b>
Toxicoloxía	72,73	78,57	94,34	97,56	85,71	78,38	<b>84,48</b>
Economía e xestión da empresa alimentaria	91,30	80,95	76,47	86,79	58,14	57,45	<b>59,46</b>
Bromatoloxía II	90,91	85,19	85,11	78,72	74,00	81,63	<b>78,57</b>
Tecnoloxía culinaria e alimentaria	100,00	100,00	100,00	93,33	93,75	100,00	<b>95,56</b>
Nutrición humana	93,75	91,67	90,48	76,32	59,62	68,75	<b>86,27</b>
Interacción fármaco-alimento	100,00	100,00	84,44	70,73	57,63	83,33	<b>72,34</b>
Endocrinoloxía	100,00	92,31	100,00	90,48	100,00	97,56	<b>100,00</b>
<b>Media</b>	<b>93,98</b>	<b>90,79</b>	<b>92,06</b>	<b>85,99</b>	<b>78,53</b>	<b>83,43</b>	<b>84,98</b>

<b>3º curso</b>							
Hixiene, lexislación e seguridade alimentaria I	-	100,00	82,61	65,31	86,96	68,57	<b>57,78</b>
Deontoloxía e lexislación	-	100,00	95,45	95,12	84,21	88,64	<b>79,49</b>
Dietética	-	100,00	100,00	100,00	97,30	96,67	<b>97,44</b>
Valoración do estado nutricional	-	100,00	100,00	100,00	91,18	82,05	<b>87,80</b>
Saúde pública	-	100,00	89,47	75,56	70,45	70,21	<b>74,00</b>
Fisiopatoloxía	-	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	<b>96,43</b>
Hixiene, lexislación e seguridade alimentaria II	-	100,00	100,00	100,00	97,37	91,67	<b>79,55</b>
Nutrición no ciclo vital e actividade física	-	100,00	100,00	98,00	93,94	85,29	<b>95,92</b>
Dietoterapia e soporte nutricional I	-	100,00	100,00	100,00	93,94	79,07	<b>79,07</b>
Nutrición Comunitaria e Educación Nutricional	-	-	-	95,74	72,22	82,98	<b>76,74</b>
Microbioloxía e inmunoloxía	-	100,00	100,00	93,88	100,00	95,24	<b>97,62</b>
Garantía de calidade	-	95,24	100,00	83,33	88,64	90,70	<b>100,00</b>
		<b>Media</b>	<b>99,57</b>	<b>97,05</b>	<b>92,25</b>	<b>89,68</b>	<b>85,92</b>
							<b>85,15</b>
<b>4º curso</b>							
Dietoterapia e soporte nutricional II	-	-	100,00	100,00	86,67	97,37	<b>85,37</b>
Soporte nutricional avanzado	-	-	100,00	100,00	97,87	94,29	<b>85,00</b>
Restauración colectiva	-	-	100,00	90,91	100,00	97,06	<b>97,06</b>
Análise instrumental	-	-	100,00	100,00	100,00	100,00	<b>100,00</b>
Ciencia e tecnoloxía da carne e do peixe	-	-	100,00	100,00	100,00	100,00	<b>100,00</b>
Ciencia e tecnoloxía do leite e produtos lácteos	-	-	100,00	100,00	100,00	100,00	<b>100,00</b>
Ciencia e tecnoloxía de produtos vexetais	-	-	100,00	100,00	89,47	100,00	<b>100,00</b>
Fisicoquímica de alimentos e de procesos biolóxicos	-	-	100,00	-	100,00	100,00	-
Control de calidade no laboratorio	-	-	100,00	100,00	100,00	100,00	<b>100,00</b>
Química e gastronomía	-	-	100,00	100,00	100,00	100,00	-
Aditivos inorgánicos e micronutrientes	-	-	100,00	100,00	100,00	100,00	<b>100,00</b>
Practicum	-	-	100,00	100,00	100,00	100,00	<b>100,00</b>
Traballo fin de grao	-	-	100,00	100,00	100,00	100,00	<b>100,00</b>
		<b>Media</b>	<b>100,00</b>	<b>99,24</b>	<b>98,00</b>	<b>99,13</b>	<b>97,04</b>

Os valores son elevados en case todas as materias; os valores máis baixos adoitan coincidir con materias que requiren coñecementos básicos procedentes do ensino secundario e/ou materias que inicialmente os alumnos non perciben como directamente relacionadas coas súas necesidades de coñecemento do campo da dietética e a nutrición, o cal fai algo máis complexa a dirección da aprendizaxe por parte dos docentes.

En canto á evolución da satisfacción do alumnado coa docencia recibida, a seguinte táboa recolle a evolución da mesma desde a implantación do título, que se amosa de seguido logo de normalizar os valores dos distintos cursos a unha escala de 0 a 10:

<b>Grao de satisfacción</b>	<b>Sobre 7</b>	<b>Sobre 5</b>	<b>Sobre 10</b>
2010/11	4,74	3,39	<b>6,77</b>
2011/12		3,82	<b>7,64</b>
2012/13		3,43	<b>6,86</b>
2013/14		3,73	<b>7,46</b>
2014/15		3,73	<b>7,46</b>
2015/16		3,85	<b>7,70</b>
2016/17		3,62	<b>7,24</b>
2017/18		3,77	<b>7,54</b>



O grao de satisfacción acadou o seu valor máis alto durante o curso 2015-16, aínda que foi elevado desde o momento mesmo da implantación da titulación. Nos anos transcorridos presentáronse dificultades que se foron resolvendo, entre elas o desenvolvemento de normativas e de actividades complexas como o Prácticum ou o Traballo Fin de Grao. Coa experiencia adquirida e as sucesivas accións de mellora que se foron implantando froito da mesma, esperamos seguir mantendo un elevado grao de satisfacción entre os nosos estudantes.

➤ **Máster en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental**

Á vista dos resultados do título plasmados nos indicadores de rendemento, éxito, avaliación e graduación, a Comisión Académica do Título e a Comisión de Calidade do centro realiza as seguintes consideracións e reflexións:

A) Taxas de Rendemento, Éxito, Avaliación e Graduación.

Estas taxas son absolutamente satisfactorias con valores entre 94-100% en todos os casos. As causas desta situación xa foron profusamente analizadas en informes de seguimento previos, e nos remitimos á discusión xa feita debido a que a situación actual é comparable á de anos anteriores (coa excepción da taxa de graduación do curso 2015-16, cuxa particularidade por cuestións persoais de dous dos egresados xa foi comentada no informe de seguimento correspondente).

Nome	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	Media USC
Taxa de rendemento IN34M-S01-PM-01	100	99,06	98,55	96,94	95,37	96,02	89,32
Taxa de éxito IN35M-S01-PM-01	100	99,34	100	100	100	100	98,79
Taxa de avaliación IN36M-S01-PM-01	100	99,72	98,55	96,94	95,37	96,02	90,41
Taxa de graduación IN37M-S01-PM-01	95	95	100	80	95,45	94,44	84,46

Así mesmo, como pode verse na táboa anterior, os valores obtidos polo MPRL e SM son superiores ao promedio da USC. Os resultados desagregados por materia seguen a mesma tendencia e poden consultarse en: 4311782\_INF.17\_2016-2017.pdf, 4311782\_INF.18\_2016-2017.pdf, e 4311782\_INF.19\_2016-2017.pdf.

B) Taxa de abandono e taxa de cambio.

O MPRL rexistra taxas de abandono segundo RD 1393 (IN41M-S01-PM-01) extraordinariamente baixa, en xeral entre 0 y 5% nos últimos exercicios.

	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	Media USC
<b>T. Abandono RD 1393 (%)</b> IN41M-S01-PM-01	5,00	5,00	0,00	0,00	0,00	5.56	5.77

Isto supón que como máximo 1 alumno por curso abandona los estudos do MPRL e SM, fundamentalmente debido a situacións laborais incompatibles co desenvolvemento do máster. A explicación a este feito hai que busca no perfil do alumnado, altamente motivado con estes estudos de PRL, que en moitos casos poden mellorar o seu futuro profesional, e/ou a súa posición dentro da súa empresa ou institución no caso de acadar o título de máster correspondente.

C) Duración media dos estudos.

A duración media de estudos (IN38M-S01-PM-01) mantense case inalterablemente en torno a 2 anos desde o curso 2011-12, cun lixeiro incremento derivado de situacións persoais, en que a lectura do TFM por parte de algúns dos alumnos se pospuxo para convocatorias posteriores.

	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	Media USC
<b>Duración media dos estudos (anos)</b> IN38M-S01-PM-01	2,10	2,00	2,05	2,10	2,24	2,00	1.44

A duración en torno a dous anos, (un semestre maior que o promedio da USC) se debe aos seguintes factores:

- O promedio da USC, que está calculado para todos os másteres, inclúe títulos de 60 e 90 créditos, por elo o valor promedio ten unha desviación á alza para másteres de 60 ECTS e á baixa para aqueles de 90 ECTS.
- Aínda que a duración do MPRL é de 90 créditos, o que supón 1,5 cursos, sen embargo e de forma moi xeral, parte dos estudantes dedican o segundo cuadrimestre do curso 2º do máster (xa sen docencia de materias teóricas) á realización, presentación e defensa do TFM, debido a que a dedicación profesional de moitos deles lles impide abordar o TFM coincidindo co terceiro semestre do MPRL e SM. Por elo, a pesares de constar de 90 créditos, a duración dos estudos se estende en torno a dous anos.

➤ **Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridades e Tecnoloxías Alimentarias**

Considerando que é o primeiro ano que se imparte este máster no centro, os resultados do título plasmados nos indicadores de rendemento, éxito e avaliación son bos. O indicador de Taxa de graduación non existe pois aínda non hai egresados hasta finais de febreiro de 2019.

		2017-18	Media USC
T. Rendemento(%)	IN34M-S01-PM-01	96,29	90,00
T. Éxito(%)	IN35M-S01-PM-01	100,00	99,26
T. Avaliación(%)	IN36M-S01-PM-01	96,29	90,67
T. Graduación(%)	IN37M-S01-PM-01	--	83,15

**Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación)**

Durante o curso 2017-18 levouse a cabo a elaboración da normativa do TFM para o novo máster implantado (MINSTA) de acordo co Regulamento de Matrícula, Elaboración e Defensa dos Traballos Fin de Grao e fin de Máster na Universidade de Santiago de Compostela. Ao mesmo tempo aproveitouse para facer unha revisión dos procedementos de asignación de titores e propostas así como das correspondentes Rúbricas de Avaliación. Derivado disto foi modificada a rúbrica de avaliación do TFG para o GEPQI que será de aplicación no curso 2018-19. A documentación relativa a este proceso é elaborada, revisada e aprobada por los órganos competentes en cada caso, quedando constancia disto nas actas correspondentes e sendo posteriormente publicadas na Web do centro. Por outra banda tamén se fixeron reunións co alumnado de cada titulación para informar das modificacións realizadas, da documentación de referencia e da súa localización na páxina Web.

**Prácticas Externas. Mobilidade. Indicadores de satisfacción**

Na seguinte táboa sinálase a evolución dos indicadores de satisfacción a nivel de Centro, relacionados cos programas de mobilidade e prácticas externas nos dous últimos cursos académicos.

Con respecto ao curso anterior (INF.03\_2016-2017) durante os tres últimos cursos académicos incrementouse o número de alumnos recibidos no centro (23-20-28-26) e oscilou o número de estudantes saíntes (3-8-4-7).

Respecto á satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade (IN16C-PC-08) o resultado acadado recuperou o alto valor de cursos anteriores. Case a mesma evolución se pode apreciar na porcentaxe de estudantes enviados en programas de mobilidade (IN17C-PC-08) estando na segunda posición dos valores dos últimos nove cursos académicos. Por outra banda, obsérvase un lixeiro descenso, respecto ao ano anterior, na porcentaxe de estudantes recibidos de programas de mobilidade sobre o total de matriculados (IN18C-PC-08).

Dende as comisións académicas de cada un dos títulos formuláronse accións de mellora para potenciar tanto a información dos programas de mobilidade como o número de convenios con outras universidades. Estas accións xa foron finalizadas en cursos anteriores e as melloras pasaron a formar parte do Plan de Acción Titorial do Centro desenvolvido no 2017-18 como consecuencia da execución da acción de mellora **AMF1718-5**.

Código	Descrición	Curso (2014-2015)	Curso (2015-2016)	Curso (2016-2017)	Curso (2017-2018)
IN16C-PC-08	Satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade	4,50	5,00	3,33	4,5
IN17C-PC-08	Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados	0,90	2,27	1,11	1,86
IN18C-PC-08	Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados	6,91	5,68	7,80	6,9
IN22C-PC-09	Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións	88,68	88,73	91,55	89,09

Polo que respecta a porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións (IN22C-PC-09), o valor incrementouse de forma xeral nos catro últimos cursos situándose no 2017-18 nun valor de 89,09%. Valor máis que aceptable tendo en conta que no Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais as prácticas externas non son obrigatorias no plan de estudos actual.

Os resultados dos indicadores de satisfacción relativos á mobilidade e prácticas externas recóllense a nivel de título e preséntanse a continuación para cada unha das titulacións que se imparten no centro.

### **Análise das enquisas de satisfacción. Prácticas Externas. Mobilidade.**

#### ➤ **Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais**

- Satisfacción dos Titores Externos cos programas de prácticas externas

A participación nas enquisas foi elevada (53,9%) e a valoración foi excelente (4,3), o que amosa a boa formación dos estudantes.

- Satisfacción dos Titores Académicos cos programas de prácticas externas

A valoración media foi 4,8 cunha taxa de resposta do 83,3%, o que indica á importancia que o profesorado do título dá a estas actividades.

- Satisfacción dos Estudantes de mobilidade entrante e saínte

Aínda que durante o curso 2017-2018 o título acolleu a un total de 6 estudantes procedentes de programas de mobilidade, a Universidade non facilitou os datos relativos á súa satisfacción.


Por outra banda, si ben a porcentaxe de estudantes egresados neste curso que realizou prácticas en empresas foi elevada (62,5%), a taxa de resposta as enquisas feitas pola USC foi soamente do 29,4%, aínda que a valoración media de 4,5 amose o bo resultado do programa de prácticas.

➤ **Grao en Nutrición Humana e Dietética**

- Satisfacción dos Titores Externos cos programas de prácticas externas:

Cunha participación do 61,76% nas enquisas, os titores profesionais amosan unha satisfacción que está en liña cos valores medios da Universidade para todos os aspectos avaliados. Dado que esta enquisa constitúe en certa medida unha avaliación externa do grao de preparación dos estudantes de último ano do GNHD, preséntanse desagregados por ítems, que se representan graficamente como ratio GNHD/USC.

Item	2013-14			2014-15 40,0%			2015-16 58,33%			2016-17 64,38%			2017-18 61,76%		
	USC	GNHD	Ratio	USC	GNHD	Ratio	USC	GNHD	Ratio	USC	GNHD	Ratio	USC	GNHD	Ratio
1 Valore a formación inicial de coñecementos teórico prácticos do alumnado para cumprir coas actividades que lle foron asignadas	3,70	4,00	108,11	3,77	4,13	109,55	3,81	4,24	111,29	3,80	3,73	98,16	3,87	4,19	108,27
2 Valore a formación inicial de competencias profesionais do alumnado para cumprir coas actividades que lle foron asignadas	3,58	4,25	118,72	3,73	4,13	110,72	3,67	4,29	116,89	3,74	4,00	106,95	3,82	3,81	99,74
3 Valore o grao de integración do alumnado no medio de traballo	4,35	4,38	100,69	4,41	4,75	107,71	4,50	4,76	105,78	4,50	4,18	92,89	4,56	4,67	102,41
4 Valore o grao de cumprimento por parte do alumnado das actividades asignadas	4,48	4,38	97,77	4,44	4,75	106,98	4,58	4,81	105,02	4,60	4,46	96,96	4,62	4,76	103,03
5 Indique o seu grao de satisfacción xeral relativo á comunicación e coordinación cos/coas responsables académicos/as do título	3,96	4,13	104,29	4,00	4,50	112,50	3,76	4,43	117,82	3,68	4,55	123,64	3,99	4,57	114,54
6 Indique o seu grao de satisfacción xeral coa práctica realizada polo alumnado	4,31	4,50	104,41	4,35	4,63	106,44	4,39	4,52	102,96	4,43	4,20	94,81	4,50	4,71	104,67
<b>MEDIA</b>	<b>4,06</b>	<b>4,27</b>	<b>105,17</b>	<b>4,12</b>	<b>4,48</b>	<b>108,87</b>	<b>4,12</b>	<b>4,51</b>	<b>109,47</b>	<b>4,13</b>	<b>4,19</b>	<b>101,49</b>	<b>4,23</b>	<b>4,45</b>	<b>105,32</b>




- Satisfacción dos Titores Académicos cos programas de prácticas externas

A participación nesta enquisa foi do 64,29%, cunha valoración nos 5 ítems avaliados semellante á do conxunto da USC (media de 4,33 para o GNHD e 4,34 para a USC). A gráfica representa os valores dos ítems como ratio GNHD/USC.

Item	2013-14			2014-15 64,55%			2015-16 63,16%			2016-17 57,50%			2017-18 64,29%		
	USC	GNHD	Ratio	USC	GNHD	Ratio	USC	GNHD	Ratio	USC	GNHD	Ratio	USC	GNHD	Ratio
1 Valore o grao de adecuación das tarefas realizadas polo alumnado en relación coas competencias profesionais da titulación	4,03	4,25	105,46	4,21	4,33	102,85	4,19	4,18	99,76	4,45	5,00	112,36	4,39	4,11	93,62
2 Valore o grao de cumprimento (tanto en actitude coma en desempeño) das prácticas por parte do alumnado	4,33	4,50	103,93	4,46	4,33	97,09	4,46	4,36	97,76	4,48	5,00	111,61	4,57	4,44	97,16
3 Indique o seu grao de satisfacción coa comunicación e coordinación coas empresas/institucións ou entidades de prácticas	3,83	4,50	117,49	4,20	4,17	99,29	3,97	4,18	105,29	4,04	4,40	108,91	4,13	4,11	99,52
4 Indique o seu grao de satisfacción xeral coas tarefas desenvolvidas como titor/a académico/a das prácticas externas	3,98	4,38	110,05	4,16	4,33	104,09	4,15	4,36	105,06	4,20	4,60	109,52	4,29	4,56	106,29
5 Indique o seu grao de satisfacción xeral co desenvolvemento do programa de prácticas externas (información, xestión, coordinación, adecuación, ) coas que vostede colaborou	3,97	4,25	107,05	4,12	4,33	105,10	4,14	4,36	105,31	4,21	4,60	109,26	4,32	4,44	102,78
<b>MEDIA</b>	<b>4,03</b>	<b>4,38</b>	<b>108,64</b>	<b>4,23</b>	<b>4,30</b>	<b>101,61</b>	<b>4,18</b>	<b>4,29</b>	<b>102,53</b>	<b>4,28</b>	<b>4,72</b>	<b>110,38</b>	<b>4,34</b>	<b>4,33</b>	<b>99,82</b>






- Satisfacción dos Estudantes cos programas de prácticas externas

No curso 2017-18 a participación dos alumnos neste cuestionario foi do 50,0%. Os datos recollidos reflicten un grao de satisfacción medio de 4,01, fronte a unha media de 4,26 para o conxunto da USC.

Ítem #	Ítem	2013-14			2014-15 9,09%			2015-16 35,71%			2016-17 25,71%			2017-18 50,0%		
		USC	GNHD	Ratio	USC	GNHD	Ratio	USC	GNHD	Ratio	USC	GNHD	Ratio	USC	GNHD	Ratio
1	As prácticas realizadas resultáronme útiles e foron un bo complemento para a miña formación	4,26	3,33	78,17	4,68	4,22	90,17	4,45	3,47	77,98	4,64	4,44	95,69	4,49	4,22	93,99
2	As actividades desenvolvidas na empresa/institución cumpriron as expectativas que tiña antes de comenzalas	3,84	3,33	86,72	3,78	3,89	102,91	4,05	2,93	72,35	4,31	3,89	90,26	4,17	3,50	83,93
3	A duración das prácticas foi axeitada	2,99	3,67	122,74	3,65	3,34	91,51	3,35	3,87	115,52	3,84	4,44	115,63	3,91	4,22	107,93
4	realización das prácticas	4,16	3,50	84,13	3,90	4,27	109,49	4,26	4,13	96,95	4,52	4,22	93,36	4,38	3,76	85,84
5	A atención recibida por parte do/a titor/a profesional e do persoal da empresa/institución foi adecuada	4,33	4,17	96,30	4,30	4,43	103,02	4,41	3,73	84,58	4,56	4,67	102,41	4,38	3,78	86,30
6	A información, orientación e atención prestada por parte o/a meu/miña titor/a académico da Universidade foi axeitada	3,76	4,67	124,20	2,38	3,84	161,34	3,88	4,07	104,90	4,08	4,44	108,82	4,13	4,67	113,08
7	En xeral, estou satisfeito/a coa práctica realizada	4,02	3,33	82,84	4,33	4,11	94,92	4,22	3,4	80,57	4,46	4,33	97,09	4,33	3,94	90,99
<b>MEDIA</b>		<b>3,91</b>	<b>3,71</b>	<b>95,03</b>	<b>3,86</b>	<b>4,01</b>	<b>104,00</b>	<b>4,09</b>	<b>3,66</b>	<b>89,45</b>	<b>4,34</b>	<b>4,35</b>	<b>100,07</b>	<b>4,26</b>	<b>4,01</b>	<b>94,29</b>



➤ **Máster en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental**

• Satisfacción dos Estudantes de mobilidade entrante e saínte

Os indicadores IN17M-PC-08, e IN18M-PC-08, que representan aos estudantes enviados e recibidos en programas de mobilidade acadan valores case sempre de cero. Esta situación explicase facilmente a través das seguintes consideracións:

- O alumnado nacional que acude ao máster, en gran parte ten obrigas laborais que deben compatibilizar coa labor discente, o cal lles impide, na maior parte dos casos poder realizar estancias de intercambio prolongadas.
- O máster é pouco demandado por parte de alumnado estranxeiro en programas de mobilidade debido ás causas xa comentadas no análise da evolución de matrícula do título: (i) a diferente lexislación en materia de riscos laborais nos seus países de orixe fai que para o alumnado foráneo o MPRL sexa unha titulación con menor atractivo que para alumnado nacional; (ii) o prezo completo do máster (en torno a 6000 euros para alumnos alleos ao espazo europeo de educación superior) dificulta a consecución de financiación nos seus países de orixe.

• Satisfacción dos Estudantes cos programas de prácticas externas

A satisfacción do alumnado cos programas de prácticas externas (IN19M-PC-09) é de 4,57 no último curso, o que supón un aumento considerable con respecto de cursos anteriores, si ben este notable aumento tense que relativizar tendo en conta que a taxa de resposta nesta enquisa acadou só o 15,4%.

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
Satisfacción dos Estudantes coas prácticas externas IN19M-PC-09	<b>3,00</b>	<b>3,71</b>	<b>3,43</b>	<b>2,82</b>	<b>4,57</b>

Os resultados desagregados da enquisa se recollen na seguinte táboa:

	Curso 14/15		Curso 15/16		Curso 16/17		Curso 17/18	
	Media título	Media global	Media título	Media global	Media título	Media global	Media título	Media global
As prácticas realizadas resultáronme útiles e foron un bo complemento para a miña formación	4,50	4,22	4,00	4,23	2,75	4,20	5,00	4,51
As actividades desenvolvidas na empresa/institución cumpriron as expectativas que tiña antes de comenzalas	4,00	3,89	3,67	3,85	4,00	4,00	4,50	4,25
A duración das prácticas foi axeitada	1,00	3,34	2,67	3,25	1,25	3,55	5,00	3,53
As instalacións e medios materiais cos que contei na empresa/institución foron suficientes para a realización das prácticas	4,00	4,27	3,33	4,16	3,25	4,23	4,50	4,44
A atención recibida por parte do/a titor/a profesional e do persoal da empresa/institución foi adecuada	5,00	4,43	3,67	4,27	3,50	4,28	5,00	4,52
A información, orientación e atención prestada por parte o/a meu/miña titor/a académico da Universidade foi axeitada	4,00	3,84	3,67	3,94	2,50	3,82	3,50	4,17
En xeral, estou satisfeito/a coa práctica realizada	3,50	4,11	3,00	3,99	2,50	4,03	4,50	4,35

Os resultados xerais considéranse satisfactorios, pero compre salientar que, como pode verse, o valor absoluto do indicador aparece “condicionado” polo valor de 3,53 con que os estudantes responden á cuestión “A duración das prácticas foi axeitada”. Os órganos colexiados e unipersoais do MPRL e SM son conscientes da necesidade de reformular esta parte da formación, incrementando a duración da mesma, xa que as maiores obxeccións por parte do alumnado e titores se refiren á corta extensión das prácticas (45 h.). En calquera caso, hai que indicar que si ben a ampliación das prácticas podería constituir un claro beneficio desde o punto de vista formativo, presenta tamén dous claros inconvenientes de cara á

captación de alumnado. Esta cuestión tratouse en período de análise e reflexión de acordo coa acción de mellora AM-D1-C1-02, proposta no informe de seguimento do curso 2014-15, e que foi executada no curso 2015-16. Decidiuse polo momento manter a actual configuración do plano de estudos debido ás seguintes razóns:

- i) Sería necesario ampliar o número de créditos do título (o cal non parece moi axeitado xa que o presente máster xa ten 30 créditos máis que outros másteres semellantes, nos que se imparten as tres especialidades tradicionais), co conseguinte incremento de tempo de realización e coste económico para o alumnado; e
- ii) A ampliación das prácticas podería impedir compatibilizar traballo e estudo (o alumnado que traballa pode dispoñer de tempo, mediante solicitude de días libres ou vacacións, para realizar unhas prácticas de 45 h., sen embargo si esta parte formativa se amplía a 1-3 meses esta posibilidade non existiría para a maioría deles).
- Satisfacción dos titores externos coas prácticas externas:

Na seguinte táboa reflíctense os resultados das enquisas relativas a satisfacción dos titores externos coas prácticas en empresa (IN20M-PC-09). O indicador de referencia acadou un valor para o curso 2017-18 de 4,75. Como pode apreciarse, o grao de satisfacción tense recuperado ata valores axeitados e superiores a 4 (4,43 no curso 2015-16 e 4,39/5 para o 2016-17) superando o valor anómalo obtido no curso 2014-15 (3,69/5). Esta situación debese ao maior nivel de contacto establecido con este colectivo desde o propio MPRL, mellora da clarificación de tarefas aos novos titores, etc.

	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
Satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas IN20M-PC-09	-	4,33	3,69	4,43	4,39	4,75

Ademais, dos valores desagregados que se recollen de seguido, dedúcese que estes teñen un grao de satisfacción coa formación dos alumnos elevada, e superior á media global da Universidade.

**Manifestación do nivel de acordo co enunciado**

	Curso 14/15		Curso 15/16		Curso 16/17		Curso 17/18	
	Media título	Media global	Media título	Media global	Media título	Media global	Media título	Media global
Valore a formación inicial de coñecementos teórico prácticos do alumnado para cumprir coas actividades que lle foron asignadas	3,14	3,77	4,00	3,83	4,33	3,97	4,50	3,98
Valore a formación inicial de competencias profesionais do alumnado para cumprir coas actividades que lle foron asignadas	3,00	3,73	4,40	3,68	4,00	3,82	4,50	3,95
Valore o grao de integración do alumnado no medio de traballo	4,00	4,41	4,60	4,49	4,67	4,55	4,50	4,57
Valore o grao de cumprimento por parte do alumnado das actividades asignadas	4,00	4,44	4,40	4,62	4,67	4,61	5,00	4,67
Indique o seu grao de satisfacción xeral relativo á comunicación e coordinación cos/coas responsables académicos/as do título	4,00	4,00	4,80	4,23	4,33	4,05	5,00	3,91
Indique o seu grao de satisfacción xeral coa práctica realizada polo alumnado	4,00	4,35	4,40	4,44	4,33	4,51	5,00	4,54

*Fscala de valoración desde 1(Moi en desacordo) ata 5(Moi de acordo)*

- Satisfacción dos titores académicos coas prácticas externas:

A titoría académica das prácticas desenvólvese desde a coordinación do máster, polo que os resultado de resposta é do 100%. Neste apartado, a satisfacción dos titores da Universidade coas prácticas externas pode comprobarse que é moi aceptable, situándose en valores sempre superiores a 4 desde o curso 2012-13, en que existen datos do indicador (IN21M-PC-09).




Diagrama de barras para o indicador IN21/M-PC-05, Satisfacción dos títos académicos cos programas de prácticas externas, 2013 a 2018.

O indicador IN22M-PC-09 “Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións” non se analiza xa que todos os estudantes egresados do MPRL e SM realizaron prácticas en empresa incluídas no programa formativo, polo que o indicador sempre rexistra un valor do 100%.

#### ➤ **Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridades e Tecnoloxías Alimentarias**

Sendo este o primeiro curso no que se impartiu docencia neste máster, non existen datos para poder facer esta análise ao estar situadas as prácticas externas no segundo curso do mesmo.

### **Suxestións e reclamacións**

De seguido indicamos un resumo das suxestións e/ou reclamacións relacionadas coa Facultade de Ciencias que constan na memoria anual elaborada pola Oficina de Análise de Reclamacións (2016-17) así como as recibidas na propia Facultade, indicando a súa tipoloxía e o seu resultado.

#### **Memoria da Oficina de Análise de Reclamacións (OAR) 17-18**

Os recursos que se reflicten neste apartado figuran na memoria da Oficina de Recursos e Reclamacións da USC. Trátase de recursos relacionados cos procesos de Xestión Académica certificados, que son os que serven de base á medición dos indicadores de calidade, e que resultan necesarios para o seguimento e renovación do sistema de Xestión de Calidade do que dispón a área académica da USC.

O número de reclamacións e recursos/queixas presentados adoita ser pequeno. No curso 2017-18 foi de 2 recursos e 2 queixas/suxestións:

- 2 recursos no GNHD, 1 desestimada e 1 inadmitida
  - 2, relacionadas coa anulación de matrícula.
- 2 queixas e/ou suxestións
  - 1 no GNHD, estimada, relacionadas coa temática: Prácticas/Estadías de Plano de Estudos.
  - 1 no MINSTA, desestimada, relacionada coa temática: Suplemento Europeo Título (SET).

## Reclamacións recibidas na Facultade

Ademais das que figuran no Informe da Oficina de Análise e Reclamacións da USC que se acababan de sinalar, no curso 2017-18 non se recibiron reclamacións na Facultade de Ciencias.

### 2.3.2. Evolución das accións de mellora propostas no Plan de Melloras do curso anterior

Na memoria de calidade correspondente ao curso 2014-15, o Centro asumiu como propias tódalas accións de mellora propostas nos informes de seguimento dos seus títulos para o curso seguinte. Como consecuencia disto, na Memoria de Calidade correspondente ao curso 2015-16, fíxose un resumo das accións relacionadas con cada unha das directrices Fides-Audit e do seu estado de execución. Continuando con ese procedemento, neste apartado dáse conta do estado de execución das accións de mellora propostas por cada un dos títulos correspondentes a esta directriz:

- **AMF1718-2.-** Establecemento de novos convenios de intercambio con outras universidades para as titulacións do centro. Executada. Data: 12/03/2019.

Fomentar a realización de novos convenios con universidades estranxeiras por parte do profesorado do Grao en Enxeñería de Procesos Químicos Industriais e do Grao en Nutrición Humana e Dietética. Accións de mellora procedentes dos informes de seguimento dos títulos (axenda 2016-2017): - AMGNHD-01: tarefa 1 executada sen eficacia e tarefa 2 executada con eficacia; - AMGEPQUI-01: tarefa 2 executada sen eficacia e tarefa 1 executada con eficacia.

No curso 2017-18 asinou un novo convenio Erasmus dentro da área de Nutrición con The University Of Chester do Reino Unido no que se inclúen 2 prazas de estudantes de 9 meses de estancia para cada una delas.

Esta acción considerase finalizada segundo Comisións de Título do GNHD e de 11/03/2019 e de Calidade do 12/03/2019

- **AMF1718-3.-** Recompilación de información sobre necesidades formativas (de egresados e empregadores). Executada. Data: 12/03/2019.

Levaranse a cabo enquisas ós egresados 2 anos despois de finalizar os seus estudos e analizaranse os seus resultados, que serán tidos en conta nas comisións dos títulos para posibles melloras nos plans de estudos. Acción procedente das accións de mellora AMGNHD-2.1, AMGEPQI-2 e AMMPRL-1 da axenda 2016-2017.

Con data 19/07/2017 o Responsable de Calidade, a efectos de non duplicar o traballo nos centros, enviou un correo á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos por se tiña previsto realizar de xeito centralizado algunha enquisa a egresados ou empregadores na que se contemple algún dos aspectos sinalados nesta acción de mellora. Con data de 28/11/2017 foi asignado un bolseiro para á realización das enquisas que demandaba o centro. Na Comisión do Grado en Nutrición Humana e Dietética do 15/03/2018 acordouse que como esta tarefa non puido ser realizada no curso académico 2016-17 se ampliara o prazo de finalización para o curso 2017-2018. As enquisas leváronse a cabo no curso 2017-18 e os resultados foron analizados pola Comisión de Título e aparecen reflectidos no apartado anterior do presente documento. Debido a isto dáse por finalizada a execución desta acción de mellora segundo o acordado na Comisión de Calidade do 12/03/2019.

Evidencias: actas das comisións do GNHD de datas 23/03/2017, 09/06/2017, 09/01/2018, 15/03/2018 e 11/03/2019, acta da Comisión de Calidade de 12/03/2019.

- **AMF1718-4.-** Elaboración dun Plan de Captación de Estudantes. Executada.: Data: 9/01/2018. O Plan de Captación de Estudantes para o curso 2017-18 foi aprobado pola Comisión de Calidade do Centro o 09/01/2018 (punto 3 da orde do día).

- **AMF1718-5.-** Elaboración dun Plan de Acción Titorial. Data prevista de remate: 31/07/2018.  
O Plan de Acción Titorial para o curso 2017-18 foi aprobado pola Comisión de Calidade do Centro o 09/01/2018 (punto 4 da orde do día).

### 2.3.3. Formulación de accións de mellora para o curso 2018-19

Unha vez executadas todas as accións de mellora dentro da Directriz 2 relativa a Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, na reunión da Comisión de Calidade do 12/03/2019 acordouse levar a cabo dúas accións novas. A acción **AMF1819-2**, na que se promoverán novos acordos con centros estranxeiros e ten como obxectivo aumentar a mobilidade da Facultade tanto entrante como saínte e a Acción **AMF1819-3** que pretende aumentar o nivel de matrícula de alumnos de novo ingreso para todas as titulacións do centro. Ámbalas dúas accións recóllense no apartado 3 desta memoria.

- **AMF1819-2.-** Fomentar a realización de novos convenios de intercambio con outras universidades estranxeiras para todas as titulacións do centro. Data prevista de remate: **31/07/2019**.
- **AMF1819-3-** Intensificar as accións desenvolvidas no Plan de Captación do centro para aumentar a matrícula naquelas titulacións que máis o necesitan. Data prevista de remate: **31/07/2019**.

## 2.4. Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

### Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

**Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:
  - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
  - Programa de Apoio á Avaliación da Actividade Docente do Profesorado Universitario (DOCENTIA).
  - Contorna que permita ao persoal levar a cabo o seu traballo de maneira efectiva.
  - Detección de necesidades de persoal académico.
  - Tipoloxía do profesorado que ten que impartir docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
  - Accións para promover a formación do profesorado.
  - Liñas de investigación.
  - Mobilidade.
- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio
  - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
  - Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
  - Contorna que permita ao persoal de apoio á docencia levar a cabo o seu traballo de maneira efectiva.
  - Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia.
  - Avaliación do persoal de apoio á docencia.
  - Resultado da análise realizada de todas as accións desenvolvidas sobre a garantía e mellora da calidade dos recursos humanos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

### 2.4.1. Actuacións máis relevantes. Análise do funcionamento dos procesos e da evolución dos indicadores de calidade.

Durante o curso 2017-18, de acordo coas normativas e procedementos da USC, mantívose a adecuación das plantillas de PDI responsable de impartir as materias en cada unha das titulacións do centro, segundo foi indicado nas memorias de verificación dos títulos

Na táboa seguinte sinálase a evolución dos indicadores relacionados con esta directriz Fides-Audit nos dous últimos cursos académicos.

Código	Descrición	Curso (2014-2015)	Curso (2015-2016)	Curso (2016-2017)	Curso (2017-2018)
IN24C-PS-01	Porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total	73,00	83,70	80,90	90,45
IN25C-PS-01	Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total	93,00	93,40	92,86	90,51
IN26C-PS-01	Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total	68,69	69,81	72,45	71,59
IN30C-PS-01	Ratio de estudantes por profesor a tempo completo	3,70	3,49	--	--
IN31C-PS-01	Media de alumnos por grupo de teoría	29,58	31,70	32,87	29,69
IN32C-PS-01	Media de alumnos por grupo de docencia interactiva	20,09	21,02	21,38	20,34
IN49C-PS-01	Satisfacción do PAS co traballo desenvolvido	3,75	4,67	4,29	4,33

A media de alumnos por grupo de docencia teórica ou interactiva sufriu moi leves variación nos tres últimos cursos académicos resultando unha media de 29,69 alumnos por grupo para a docencia teórica e 20,34 alumnos por grupo para a docencia interactiva. Estes valores resultan pouco menos que excelentes para grupos de traballo dende un punto de vista docente.

No curso 2017-2018 a porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total con docencia no título (IN24C-PS-01) foi dun 90,45 %, observándose unha subida constante dende o curso académico 2014-15 (73,00%). Este indicador calcúlase cos datos de profesorado da USC que imparte docencia nas tres titulacións do Centro sen ter en conta o profesorado de áreas externas nin o profesorado que unicamente dirixe traballos académicos.

De maneira xeral obsérvase que os valores dos indicadores relativos ao PDI mantéñense con lixeiras variacións á alza ou á baixa. Non obstante, estes valores non teñen en conta as diferenzas de capacidade docente das áreas: mentres unhas son excedentarias outras teñen os recursos xustos para desenvolver o seu traballo. Situación que pode complicarse no momento en que se produce unha baixa por enfermidade.

Con respecto ao persoal de apoio á docencia (**Informe E-16**), actualmente dispoñemos dunha plantilla de 9 membros, organizados para a realización de tódalas tarefas de administración, servizos, e apoio á docencia e á investigación. A pesares de que a plantilla é suficiente para desenvolver con eficacia todo o traballo, algúns postos son demasiado específicos en canto as súas funcións polo que en caso de baixas prolongadas o persoal substituto debe pasar por un período de adaptación ao posto o que pode afectar ao rendemento do mesmo.

En canto a satisfacción do persoal de administración e servizos co traballo desenvolvido (IN49C-PS-01), cabe sinalar que a participación nas enquisas (**INF.21\_2017-18**) continúa a oscilar en torno a un valor de 49 % cun resultado de 4,75 sobre un máximo de 5 e superando a media da universidade (3,88).

### Mobilidade PDI

A porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título adoita ser bastante baixo manténdose nuns valores entre o 2-3% nos últimos cursos.



## Formación de PDI e de PAS. Indicadores de satisfacción

Polo que respecta a satisfacción do PDI e do PAS coas actividades formativas desenvolvidas, os resultados tamén foron satisfactorios (4,39 e 3,99 respectivamente). A participación do profesorado nos plans de formación no centro aumenta a porcentaxe sobre o ano anterior sendo a media de participación do profesorado de un 32,60% durante os últimos anos. Por outra banda, a porcentaxe de participación do PAS tamén aumenta a fronte ao curso anterior (78%).

### 2.4.2. Evolución das accións de mellora propostas no Plan de Melloras do curso anterior

Unha vez executadas as accións desenvolvidas no curso 2017-18 relacionadas con esta directriz, na memoria de calidade correspondente ao curso 2017-18, non se formularon novas accións de mellora por parte do Centro relacionadas coa mesma.

### 2.4.3. Formulación de accións de mellora para o curso 2018-19

No presente curso académico non se formulan novas accións de mellora por parte do Centro relacionadas con esta directriz.

## 2.5. Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

### Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

**Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
  - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
  - Xestión dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencia e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
  - Mantemento dos recursos materiais e servizos.
  - Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
  - Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao alumnado oriéntano no funcionamento da institución.
- Resultado da análise realizada de todas as accións desenvolvidas sobre a garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.
- No caso de que os títulos contemplen a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

### 2.5.1. Actuacións máis relevantes. Análise do funcionamento dos procesos e da evolución dos indicadores de calidade.

#### Recursos materiais

A Facultade de Ciencias incorporou a súa docencia expositiva ás novas tecnoloxías da información e comunicación (TIC) dende o curso 2002-2003. A docencia desenvólvese diariamente en todos os títulos que se imparten na Facultade, mediante ordenador, proxector e pantalla mural (xa sexa tradicional ou táctil). Por outra banda e derivado da natureza das titulacións que se imparten na Facultade, toda a docencia interactiva require dunha serie de equipamento e infraestruturas de laboratorio, que require dun mantemento específico para a súa conservación e debe ser renovado cando a súa reparación resulta imposible ou non rendible. Tamén debemos destacar que unha gran parte da docencia interactiva lévase a cabo nas aulas de informática, con software específico a cada disciplina ou

simuladores. Pero este software necesita de equipos informáticos axeitados, polo que periodicamente deben actualizarse e nalgúns casos renovarse.

A delicada situación económica que atravesamos impediú que nos últimos anos puidera renovarse gran parte destes recursos materiais e obrigounos a buscar solucións imaxinativas para acadar un axeitado desenvolvemento da docencia. Non obstante, isto non era a mellor solución polo que a partir dos informes de seguimento dos títulos así como dos procesos de Renovación da Acreditación, formuláronse diversas accións dirixidas á mellora, ampliación e substitución de materiais e equipamento docente. Accións que debían contar cun financiamento extraordinario, xa que os orzamentos da Facultade resultaban ser insuficientes para levalas a cabo.

Durante os últimos anos o Centro solicitou axudas que permitiron mellorar algúns dos recursos antes mencionados. Debido a isto e tendo en conta os orzamentos do Centro e nos financiamentos externos que se poidan conseguir, a Comisión de Calidade do Centro formula anualmente unha serie de propostas que permitan acadar unha mellora na calidade dos recursos materiais e servizos ofrecidos pola Facultade co fin de continuar desenvolvemento unha labor docente axeitada en tódalas titulacións.

No curso 2017-18, a Comisión de Calidade formulou as accións de mellora **AMF1718-6 e AMF1718-7**, que se atopan descritas no seguinte apartado e xa foron executadas. Estas accións están relacionadas coa renovación do equipamento mais obsoleto (proxectores de vídeo das aulas de docencia expositiva) e coa ampliación de infraestrutura para docencia (ampliación da cobertura da rede wifi).

Para o curso académico 2018-19 a Comisión de Calidade propuxo a acción de mellora **AMF1819-4**, destinada á adquisición e instalación de infraestruturas, material e equipamento docente como consecuencia da súa renovación, substitución ou necesidade de ampliación.

### Servizos de acollida, apoio e orientación académica e profesional

Conscientes de que o novo estudante ten dificultades para asimilar e moverse no complexo entramado universitario dende a Facultade de Ciencias prográmanse anualmente unha serie de actividades que se van a levar a cabo para acoller, orientar e tutelar ao alumnado durante todo a súa estancia no centro. Este conxunto de actividades resúmese nos seguintes apartados:

- Xornada de Benvida. Campus Terra. Facultade de Ciencias

A Universidade realiza tódolos anos, no comezo de cada curso académico, unha Xornada de Benvida que se desenvolve a nivel de Campus e a nivel de centro e que ten por obxecto presentar aos novos estudantes posibilidades, recursos e servizos que ofrece a tanto a Universidade como a Facultade.

Ademais, na xornada celebrada no centro, na que participan tanto o equipo decanal, xestora de centro, coordinadores e responsable de calidade, infórmase e orientase ao alumnado de cada titulación sobre o funcionamento do mesmo (aulas de informática, campus virtual, salas de estudio, servizos administrativos, páxina Web), sobre o plan de estudos e sobre os diferentes trámites administrativos e servizos que poden empregar ao longo da súa vida universitaria.

- Programa de Alumnos Titores

O alumnado titor é un estudante matriculado nunha titulación de grao do Centro, de 2º curso ou seguintes, que orienta e apoia ao novo alumnado que se incorpora ao centro, tratando de favorecer a súa integración.

Nunha 1ª etapa fórmase a este alumnado para que coñeza o funcionamento da USC. Na 2ª etapa estes alumnos dan acollida ao alumnado de 1º curso e colaboran co Programa A Ponte nas visitas aos centros de ensino medio e na recepción de estudantes na USC. Tamén colaboran dando acollida aos estudantes estranxeiros (Erasmus e de intercambio).

- Apoio tutorial extraordinario

Actividade que se rexe pola convocatoria feita polo Servicio de Xestión da Oferta e Programación Académica da USC para axudar ós estudantes a superar aquelas materias que lles presenten especiais dificultades.

- Actividades de orientación e formación

Dentro deste epígrafe enmárcanse todas aquelas actividades dirixidas a informar, formar, orientar e favorecer a aprendizaxe do estudantado, dende a súa incorporación na Facultade ata a finalización dos seus estudos e preparación para a futura vida laboral. Debido a isto, moitas desas actividades desenvólvense en colaboración con entidades externas e colexios profesionais.

Durante o procedemento de Certificación de implantación do SGC do centro, a Comisión Externa de Avaliación indicou a falta dalgunhas evidencias documentais. Entre esas evidencias figuraba un Plan de Acción Tutorial que contemplase todas estas accións que se levan a cabo na Facultade en cada curso académico, pero non se atopaban reflectidas como documentación do SGC. Debido a isto e como xa foi indicado na análise da directriz 3, a Comisión de Calidade propuxo a elaboración desta evidencia como acción de mellora **AMF1718-5**, que se xa foi executada. Este Plan de Acción Tutorial foi incluído no PC-03 do Manual de Procesos de Centro como un proceso da Facultade.

Os únicos resultados de que dispoñemos sobre a satisfacción cos servizos por parte dos diferentes grupos de interese é a dos egresados das tres titulacións (IN33G-PS-03: Grao de satisfacción dos egresados cos servizos)

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
<b>GEPQI</b>	-	3,67	4,40	3,67	5
<b>GNHD</b>	-	4,44	3,92	3,09	2,27
<b>MPRLeSM</b>	2,68	3,25	3,88	2,09	2,56

A valoración obtida pode estar influenciada polo baixo número de cuestionarios cubertos nestas enquisas (GEPQI: 2 cuestionarios; GNHD:11 cuestionarios; MPRLSM: 4 cuestionarios).

### Entidades e empresas para a realización de prácticas externas

Nos enlaces que se amosan a continuación preséntanse, para cada unha das titulacións do centro, as convocatorias de prácticas externas que se desenvolven en cada curso académico coa distribución do alumnado entre as diferentes entidades/empresas nas que os estudantes realizan as prácticas:

- [http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/GEPQI\\_Practicas](http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/GEPQI_Practicas)
- [http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/GNHD\\_Practicum.html](http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/GNHD_Practicum.html)
- <http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/MPRLSM-practicas>

Tal e como pode observarse, todas elas están directamente relacionadas coas competencias profesionais que estudante debe adquirir na súa formación. Os resultados de satisfacción coas prácticas externas xa foron analizados na directriz 3 desta memoria.

### 2.5.2. Evolución das accións de mellora propostas no Plan de Melloras do curso anterior

A partir do curso académico 2015-16, a Comisión de Calidade tomou a decisión de asumir como accións de mellora do Centro, as accións de mellora correspondentes a esta directriz Fides–Audit, propostas ata agora nos informes de seguimento dos títulos e que se levaban a cabo en cada curso académico. Este foi o caso das accións, **AMF1718-6** e **AMF1718-7**, destinadas a adquisición e instalación de infraestruturas, material e equipamento docente como consecuencia da súa renovación, substitución ou necesidade de ampliación.

A continuación faise aquí un resumo das accións relacionadas con esta directriz e do seu estado de execución:

- **AMF1718-6.-** Renovación de proxectores de vídeo para as aulas de docencia. Executada. Data: 23/11/2018.  
Procedeuse á renovación de 2 proxectores de vídeo substituíndo os que se atopaban en mal estado. Para este curso considerase suficiente coa renovación de 2 proxectores de vídeo. Procederáse á renovación dos restantes nos vindeiros cursos académicos en función do estado dos equipos e da dispoñibilidade do crédito.
- **AMF1718-7.-** Adquisición e instalación de infraestruturas, material e equipamento docente. Executada. Data: 28/12/2018.  
Leváronse a cabo as seguintes tarefas: a) Instalación de infraestrutura para ampliación de cobertura wifi. b) Equipamento docente para aulas de docencia, aulas de informática e laboratorios de docencia.

### 2.5.3. Formulación de accións de mellora para o curso 2018-19

No apartado 3 desta memoria (Plan de melloras do centro) recóllese a acción de mellora **AMF1819-4** relacionada con esta directriz e destinada á adquisición e instalación de infraestruturas, material e equipamento docente.

- **AMF1819-4.-** Adquisición e instalación de infraestruturas, material e equipamento docente. Data prevista de remate: 30/12/2019.

Débese ter en conta que todas as accións destinadas a adquisición de material docente, equipamento e infraestruturas dependen do orzamento do centro e das subvencións externas. Debido a isto, o centro prioriza a compra en función das necesidades e do orzamento dispoñible.

## 2.6. Directriz 6. Información pública

### Directriz 6. Información pública

**Estándar: o centro debe ter implantados procedementos que lle permitan publicar información relevante, actualizada, clara, precisa, obxectiva e accesible relativa ao desenvolvemento das súas ensinanzas, conxuntamente cos resultados e indicadores vinculados ao seguimento e acreditación dos seus títulos..**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa información pública.
  - Recollida, análise e utilización da información.
  - Publicación da información
  - Medida da eficacia e utilidade da información pública.
- Resultado da análise de todas as accións desenvolvidas sobre a información pública.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

### 2.6.1. Actuacións máis relevantes. Análise do funcionamento dos procesos e da evolución dos indicadores de calidade.

#### Publicación da información

Toda a información relacionada cos procesos e procedementos seguidos pola Facultade para o desenvolvemento das súas funcións e procesos formativos das titulacións GEPQI, GNHD e MPRL e SM, atópase publicada da seguintes formas:

- Páxina Web da USC.- Mostra información de ámbito xeral para toda a Universidade.
- Páxina Web da Facultade de Ciencias.- Presenta información completa e detallada relacionada co Centro e coas súas titulacións.
- Taboleiros do Centro.- Incorporan información de diversa índole, destinada aos grupos de interese do Centro.
- Pantalla de información e anuncios.- Presenta información actualizada sobre convocatorias e prazos académicos, cursos, becas, ofertas de emprego, servizos da USC e actividades culturais. Esta información tamén se remite semanalmente a tódolos colectivos do Centro por correo electrónico.

A páxina Web e o correo electrónico son as principais canles de comunicación do Centro cos colectivos de interese. Ademais, tamén se utiliza o correo electrónico para remitir aos egresados das titulacións da Facultade as ofertas de emprego que se reciben tanto por parte de empresas como por parte da Área de Orientación Laboral e Emprego da USC.

Debido a isto, tómanse en conta as suxestións que os diferentes colectivos poidan efectuar en relación tanto a utilidade ou interese dos contidos como a súa accesibilidade.

En canto a información relacionada co seguimento e revisión do SGC, esta atópase publicada no seguinte enlace Web da Facultade de Ciencias:

<http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/calidade.html>

Do mesmo xeito tamén se atopa publicada toda a información relacionada co seguimento dos títulos que se imparten na Facultade nos seguintes enlaces:

- Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais  
<http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/graoenepqi.html>
- Grao en Nutrición Humana e Dietética  
<http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/graoennutricionhumanaedietetica.html>
- Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias  
<http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/minsta.html>
- Máster en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental  
<http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/masterunivprevrislab.html>

### Medida da eficacia e utilidade da información pública.

Como pode apreciarse na seguinte táboa:

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18
<b>GEPQI</b>	-	2,80	3,20	3,00	4,20
<b>GNHD</b>	-	3,67	4,65	3,47	2,52
<b>MPRLeSM</b>	2,20	2,33	4,07	2,50	3,26

